ÍNDICE

PARTE I. INFORMACIÓN URBANÍSTICA

DATOS PREVIOS. 3

I. TRAMITACIÓN E DETERMINACIÓNS DO PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS, INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS EN RAZO- ARNADOS. 6

1. AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA ORDINARIA. 6
2. TRAMITACIÓN DO PLAN ESPECIAL 7
3. DETERMINACIÓNS DOS PLANS ESPECIAIS DE PROTECCIÓN E DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS. 12
4. DOCUMENTACIÓN DOS PLANS ESPECIAIS. 15
5. PROCESO DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA: 17
6. XUSTIFICACIÓN DO INTERESE XERAL. 31

II. MEMORIA. PARTE INFORMATIVA. 32

1. SITUACIÓN E DELIMITACIÓN DO PLAN E OBXECTO. 32
2. OBXECTO DO PLAN ESPECIAL.. 35
3. CARACTERÍSTICAS NATURAIS DO TERRITORIO. USOS ACTUAIS DO SOLO. 36
   - 3.1. TOPOGRAFÍA. 36
   - 3.2. HIDROGRAFÍA. 37
   - 3.3. USOS DO SOLO. 38
   - 3.4. EDIFICACIÓNS EXISTENTES. 39
   - 3.5. DOTACIÓNS E SERVIZOS BÁSICOS. 40
   - 3.6. REDES DE SERVIZOS EXISTENTES. 41
4. IDENTIFICACION E XUSTIFICACION DO OBXECTO A PROTEXER. 46
5. IDENTIFICACIÓN DAS ZONAS DO TERRITORIO CON RISCOS. 51
   - RISCOS NATURAIS 51
   - RISCOS ANTRÓPICOS 54
   - RISCOS TECNOLÓXICOS 55

Asinado dixitalmente por: Miguel Piñeiro Souto - 34898275F
Motivo: Plan especial de protección, infraestruturas e dotacións en Arnados-Razo - "PE2 Razo-Arnados" do PXOM de Carballo (exp. 217/X999/001277). Documento de aprobación definitiva. Pleno municipal, sesión 11/2023 ordinaria de 31/07/2023 (punto 6 da acta de sesión). Concello de Carballo (A Coruña). O Secretario municipal.

6. DETERMINACIÓNS ESTABRECIDAS POLOS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO CON INCIDENCIA NO ÁMBITO DO PLAN. 56
6.1. DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO 56
6.2. PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL 59
6.3. PLAN DIRECTOR REDE NATURA 2000 63
6.4. PLAN DIRECTOR DE ACUICULTURA LITORAL. 64
6.5. PLAN HIDROLÓXICO GALICIA- COSTA 65
6.6. DESLINDE PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE 66
6.7. ESTRATEX. DE ADAPTACION AO CAMBIO CLIMÁTICO DA COSTA ESPAÑOLA 67

7. PLANEAMENTO XERAL, RÉXIME URBANÍSTICO E ANTECEDENTES 68
7.1. PLANEAMENTO VIXENTE NO T.M. DE CARBALLO. O PXOM 2016 68
7.2. RÉXIME URBANÍSTICO DE APLICACIÓN 73
7.3. ANTECEDENTES URBANÍSTICOS. 74

8. AFECCIÓNS NORMATIVA SECTORIAL 76
8.1. PROTECCIÓN E LEXISLACIÓN EN MATERIA DE MEDIOAMBIENTE. 76
8.2. PROTECCIÓN E LEXISLACIÓN SOBRE AUGAS 76
8.3. PROTECCIÓN E LEXISLACIÓN SOBRE COSTAS. 77
8.4. PROTECCIÓN E LEXISLACIÓN SOBRE PATRIMONIO CULTURAL. 80
8.5. PROTECCIÓN E LEXISLACIÓN SOBRE PAISAXE. 80
8.6.OUTROS 82
8.7.ACCESIBILIDADE 83

9. PROXECTOS MUNICIPAIS E SUPRAMINICIPAIS CON INCIDENCIA NO ÁMBITO 84
9.1.SENDEIRO CICLO-TURÍSTICO CARBALLO- RAZO 84
9.2.PROXECTO DE PROTECCIÓN AMBIENTAL DO BORDE LITORAL NA PRAIA DE RAZO. COSTAS 85
9.3.ESTUDIO DE DETALLE 87

DATOS PREVIOS.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Carballo, recolle no entorno da praia de Razo a delimitación do Plan Especial de Protección, Infraestruturas e Dotacións en Razo- Arnados. O presente documento ven a desenvolver urbanísticamente este ámbito.

Tralo inicio do trámite de avaliación ambiental estratéxica (ordinaria), coa emisión do Documento de Alcance por parte do órgano ambiental, elaborouse un documento íntegro do Plan Especial co fin de proceder á solicitude dos preceptivos informes sectoriais a recabar con anterioridade á aprobación inicial. Este documento someteuse ademais a un proceso de participación pública coa súa exposición ao público xeral.

Trala emisión de informe sectorial por parte da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, en materia de Costas e da Subdirección *General de Dominio Público Marítimo-Terrestre* do *Ministerio para la transición ecológica y el reto demográfico* así como informe da suficiencia de suministros por parte da oficina técnica municipal plan especial sométese á APROBACIÓN INICIAL por parte da XGL en sesión ordinaria que tivo lugar o 21 de decembro de 2020 e o posterior sometemento ao trámite de información pública.

Redáctase o presente documento de PROPOSTA DE PLAN que integra o resultado da fase de información pública: proposta de informe de alegacións, resultado dos informes sectoriais e ditame da comisión informativa de planificación urbana e mobilidade, para a súa remisión ao Órgano Ambiental xunto co expediente íntegro de avaliación ambiental a fin de formular a declaración Ambiental Estratéxica.

Obxecto:

A ficha do PXOM de Carballo para este Plan especial de protección, infraestruturas e dotacións ten o seguinte obxecto e determinacións:

> *“ Ten por obxecto* ***dar cumprimento aos obxectivos establecidos no POL para esta área de recualificación, preservar o medio ambiente do litoral costeiro, os espazos naturais, e a paisaxe existente na costa de Razo, para a recuperación e protección das zonas degradadas e os areais, os accesos ao mesmos e a mellora das dotacións e infraestruturas. O Plan especial deberá prever as redes de servizos*** *suficientes segundo o artigo 72.2 da LOUG.*

O obxecto desta delimitación e ordenar de forma integral as áreas susceptibles de acoller dotacións na costa, cos usos propios de espazos libres, actividades deportivas, accesos ás praias, aparcadoiros, etc, dentro dun ámbito sensible a nivel medioambiental e paisaxístico. Inclúese a necesidade de realizar un estudo de demanda de aparcamento dos areais, co obxectivo de que as dotacións propostas teñan en conta esta previsión.

As dotacións se localizarán na banda delimitada polas liñas de 100 a 200 metros desde o litoral, deixando a banda de 100 metros ata o deslinde público marítimo-terrestre vacante de edificacións de carácter permanente.

Conxuntamente co Estudo de Detalle da fachada litoral de Arnados, eliminarase o tráfico rodado do vial paralelo ao borde do areal, deixando unicamente o acceso restrinxido no borde costeiro, solucionando as circulacións peonís e rodadas.

O Plan tamén indicará as accións de recuperación medioambiental e paisaxística necesaria para as areas degradadas. O equipamento deportivo existente deberá reubicarse fora do dominio público marítimo terrestre e da servidume de protección. O PE estudará o espazo público que conforma a fachada marítima do núcleo de Arnados.

Parte do ámbito do Plan Inclúese no área de recualificación "Playa de Razo". O Plan indicará as accións cara a dar cumprimento dos criterios e directrices establecidas no POL para estas zonas".

Equipo redactor:

Directora do Plan:

- Iria Pérez Miranda (arquitecta)

Equipo:

- Miguel Angel Abad Blanco (arquitecto)
- Antonio Deus Alvarez (arquitecto)
- Ignacio Lázaro Quintela (arquitecto)
- Roberto Bello Criado (enxeñeiro industrial)
- José Manuel Taboada Failde (técnico de medio ambiente- Xeógrafo)
- Víctor Bouzas Blanco (especialista en sistemas de información xeográfica- Xeógrafo)
- Robustiano Fernández Fernández (licenciado en dereito)

Promotor:

O promotor do presente traballo é o Concello de Carballo (CIF P1501900C) con domicilio na Praza do Concello s/n, 15100 Carballo.

O artigo 74 da LSG establece que os plans parciais e plans especiais poderán ser formulados polos Concellos, pola administración autonómica, por outros órganos competentes no ámbito urbanístico e polos particulares lexitimados para facelo.

Abreviaturas máis empregadas:

- LSG: Lei 2/2016 do solo de Galicia
- RLSG: Regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia
- PXOM: Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo, aprobado definitivamente o 4 de febreiro de 2016.
- DOT: Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia.
- POL: Plan de Ordenación do Litoral de Galicia.
- AAE: Avaliación Ambiental Estratéxica.
- PHGC: Plan hidrolóxico Galicia- Costa
- P.E.: Plan Especial de protección, infraestruturas e dotacións en Razo- Arnados.

E as contidas no Anexo I do RLSG.

I. TRAMITACIÓN E DETERMINACIÓNS DO PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS, INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS EN RAZO- ARNADOS.

1. AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA ORDINARIA.

O artigo 46.1.c de la LSG (81.1.c do RLSG) establece que serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica ordinaria os plans de desenvolvemento que requiran una avaliación por afectar de xeito apreciable espazos da Rede Natura 2000.

No ámbito do Plan Especial de Protección, infraestruturas e dotacións, existen terreos incluídos na Rede Natura 2000, trátase de parte do ZEC COSTA DA MORTE (ES1110005) e no ZEPA COSTA DA MORTE.

Polo tanto procedeuse ao inicio da avaliación ambiental estratéxica do Plan Especial pola tramitación ORDINARIA.

A data de hoxe o Órgano ambiental no que se tramita a AAE é a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia.

En xaneiro de 2018 presentase ante o concello de Carballo o BORRADOR DEL PLAN e o DOCUMENTO INICIAL ESTRATÉXICO para dar inicio á avaliación ambiental estratéxica.

A D. X de Calidade Ambiental e Cambio Climático somete o plan a consultas polo prazo de dous meses (16/02/2018–16/04/2018) e por resolución do 8 de xuño de 2018 formula o DOCUMENTO DE ALCANCE axuntando o resultado do trámite de consultas.

O Documento de alcance recolle as consideracións realizadas polas administración e organismos consultados, establecendo no punto 4. as consideracións para a integración dos aspectos ambientais e a sustentabilidade no Plan.

Nos apartados 5 e 6 define o contido, amplitude e nivel de detalle do Estudo Ambiental Estratéxico e proceso de información pública e consultas respectivamente.

As determinacións concretas establecidas no Documento de Alcance para a integración dos aspectos ambientais e a sustentabilidade, así como a súa integración no presente documento recóllense no apartado 7. INCORPORACIÓN DAS DETERMINACIÓNS DO DOCUMENTO DE ALCANCE da memoria xustificativa.

2. TRAMITACIÓN DO PLAN ESPECIAL

A tramitación dos plans especiais establécese no artigo 186 do RLSG.

Tal como se xustificou no apartado precedente a tramitación do Plan Especial acompañarase da AAE Ordinaria, polo que atendendo ao establecido no artigo 186 do RLSG seguirase o determinado no apartado 1 e nos puntos 2, 3, 4, 5, 8, 9, 10, 11 e 12 do artigo 60 da LSG (144 do RLSG).

- √ Iniciada a fase de formulación do planeamento, redactarase un Borrador do Plan e un Documento Inicial estratéxico, co contido establecido na lexislación vixente.
  O Borrador será un documento preparatorio do plan que conteña as liñas esenciais do planeamento e permita coñecer os seus criterios, obxectivos e solucións xerais, así como a súa análise urbanística.
- √ O concello promotor do plan trasladará a solicitude de inicio da AAE , un borrador do plan co contido necesario para a súa análise urbanística e o documento inicial estratéxico ao órgano ambiental, o cal comprobará, no prazo máximo dun mes, que aqueles inclúen os documentos exixibles e solicitará. Na súa falta, que se acheguen os documentos preceptivos.
- √ O órgano ambiental someterá esa documentación ás consultas das administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de dous meses. (Non sendo precisa a consulta ao órgano competente en materia de urbanismo atendendo ao punto 2.c) do artigo 186 do RLSG).
  Transcorrido este prazo o procedemento continuará nos termos establecidos na lexislación vixente.
- √ Simultaneamente serán consultadas, (no caso de non ter emitido informe na fase de formulación), entre outras, as empresas ou entidades titulares dos sistemas de infraestruturas de servizos, as cales deberán facilitar información sobre os seus plans de investimentos en infraestruturas en vigor, así como sobre a planificación estratéxica plurianual para a súa adecuada coordinación coa planificación urbanística. Na dita información deberanse recoller as infraestruturas que a entidade ou empresa deba realizar para a atención do crecemento previsible da demanda e para a prestación dos servizos coa calidade regulamentariamente esixida.

- Realizadas as consultas, o órgano ambiental, no prazo de dous meses contados desde o efectivo cumprimento dos trámites anteriores e a recepción da documentación completa, formulará o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico que, como mínimo, incluirá todas aquelas administracións públicas que deban emitir informe sectorial de conformidade coa lexislación aplicable

  O documento de alcance do estudo ambiental estratéxico estará á disposición do público a través da sede electrónica do órgano ambiental e do órgano da Administración pública que teña a competencia para a aprobación do plan, segundo o caso.

- Elaborarase o estudo ambiental estratéxico atendendo aos criterios contidos no documento de alcance e de conformidade co contido exixible pola lexislación vixente, e de resultas deste elaborará a versión inicial do plan.

- A administración municipal solicitará os informes sectoriais preceptivos con anterioridade á aprobación inicial, atendendo á listaxe recollida no anexo II do RLSG.

- Incorpóranse as consideración recollidas nos informes sectoriais recabados con anterioridade á aprobación inicial e reelaborase o Documento íntegro para aprobación inicial.

- Os servizos xurídicos e técnicos municipais deberán emitir informe respecto da integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas, da calidade técnica da ordenación proxectada e da conformidade do plan coa lexislación vixente.

- O órgano municipal competente procederá á súa aprobación inicial e someterao a información pública como mínimo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOG en un dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

  Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, a Administración municipal deberá solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais e consultas que resulten preceptivos. Os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal entenderanse emitidos con carácter favorable.

√ O Concello deberá consultar ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas que sen prexuízo dos informes sectoriais preceptivos indicados no parágrafo anterior serán os seguintes organismos e administracións:

Administracións e organismos públicos:

1. Administración xeral do Estado:

- Mº de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente
    - D. X. de Sustentabilidade da Costa e do Mar
- Delegación do Goberno
- Mº de Industria, enerxía e Turismo
    - Telecomunicacións

2. Administración da comunidade autónoma de Galicia:

- Consellería de Medio Ambiente e ordenación do Territorio:
    - D. X. de Calidade Ambiental e Cambio Climático
    - D. X. de Patrimonio Natural
    - Augas de Galicia
    - Instituto de Estudos do Territorio
    - D. X. de Mobilidade
- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
    - D. X. de Patrimonio Cultural

- Consellería de Infraestruturas e Vivenda
    - Axencia Galega de Infraestruturas

3. Administración local

    - Deputación de A Coruña

Público interesado:

- *Adega*
- *Sociedade Galega de historia natural*

√ Tomando en consideración as alegacións formuladas nos trámites de información pública e de consultas, o concello modificará, de ser preciso, o estudo ambiental estratéxico e elaborará a proposta do plan, que remitirá ao órgano ambiental xunto co expediente de avaliación ambiental estratéxica completo.

O expediente de avaliación ambiental estratéxica completo estará constituído pola proposta final do plan, o estudo ambiental estratéxico, o informe da participación

pública e consultas, así como por un documento resumo que describa como se integraron na proposta final do plan os aspectos ambientais, o estudo ambiental estratéxico, a súa adecuación ao documento de alcance e o resultado das consultas realizadas e como estas se formaron en consideración.

√ O órgano ambiental, no prazo máximo dun mes, realizará unha análise técnica do expediente e unha análise dos efectos significativos da aplicación do plan no ambiente. Se durante a referida análise observa algunha deficiencia, instará o concello á reparación no prazo máximo de tres meses. Neste suposto, suspenderase o cómputo do prazo para a formulación da declaración ambiental estratéxica.

O órgano ambiental, tras realizar a análise técnica do expediente, no prazo de dous meses, contados desde a recepción da documentación completa, formulará a declaración ambiental estratéxica, que deberá ser publicada no Diario Oficial de Galicia e na sede electrónica do órgano ambienta

√ Cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, o concello incorporará o contido da declaración ambiental estratéxica ao plan, introducindo as modificacións que sexan necesarias, elaborará un extracto co contido sinalado no artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro e no artigo 199.2 deste regulamento, e indicará as medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan.

√ No caso de que se introducisen modificacións que signifiquen un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, pola adopción de novos criterios respecto da clasificación e cualificación do solo ou en relación coa estrutura xeral e orgánica do territorio, abrirase un novo trámite de información pública (artigo 60.12 da LSG).

Esta circunstancia deberá ser obxecto de informe do secretario municipal con carácter previo ao acordo plenario correspondente.

√ O documento para aprobación definitiva deberá ser sometido a informe sectorial respecto daquelas materias que así o requiran (costas).

► Cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes o concello procederá a súa APROBACIÓN DEFINITIVA e publicación. **(FASE ACTUAL)**

► Tras a aprobación definitiva o documento remitirase de novo o documento, completo e dilixenciado, á Dirección Xeral de Dominio Público Marítimo Terrestre do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o reto demográfico a través da Demarcación de Costas de Galicia para a súa comprobación e constancia.

► O Plan Especial de Protección Infraestruturas e dotación en Razo- Arnados será debidamente rexistrado no Rexistro de Planeamento de Galicia

3. DETERMINACIÓNS DOS PLANS ESPECIAIS DE PROTECCIÓN E DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS.

As determinacións establecidas na lexislación urbanística para os plans especiais están recollidas nos artigos 177 e seguintes do RLSG.

O Plan Especial que se está a redactar resposta ás determinacións de un plan especial de PROTECCIÓN e un plan especial de INFRAESTRUTRAS E DOTACIÓNS.

En termos xerais os plans especiais deberán ser coherentes cos obxectivos xerais da actividade urbanística pública, co plan xeral de ordenación municipal, cando exista, coa normativa sectorial que afecte ao termo municipal e co planeamento dos municipios limítrofes, no marco das determinacións que establezan os instrumentos de ordenación do territorio.

De maneira concreta:

Os plan especiais de protección (art.179 do RLSG):

> *1. Os plans especiais de protección teñen por obxecto preservar o medio ambiente, as augas continentais, o litoral costeiro, os espazos naturais, as vías de comunicación, as paisaxes de interese, o patrimonio cultural e outros valores análogos.*
>
> *2. Con tales fins poderán afectar calquera clase de solo, e mesmo estenderse a varios termos municipais co fin de abarcar ámbitos de protección completos.*
>
> *3. Os plans especiais de protección poderán delimitar áreas de repartición e establecer as medidas necesarias para garantir a conservación e recuperación dos valores que se deban protexer, para o que impoñerán as limitacións que resulten necesarias, mesmo coa prohibición absoluta de construír.*
>
> *Para tal efecto, poderán expresamente, en función do seu obxecto concreto, establecer os parámetros de distancias mínimas e as limitación de usos que resulten necesarios, así como determinar as accións que deban propiciar a recuperación do equilibrio ambiental deteriorado, de ser o caso, ou das que tendan a evitar calquera tipo de deterioración.*
>
> *4. En particular, os plans especiais cuxo obxecto sexa protexer os ámbitos do territorio declarados como bens de interese cultural conterán as determinacións*

esixidas pola lexislación sobre patrimonio cultural e o catálogo previsto no artigo 81 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 196 deste regulamento.

5. O plan xeral poderá remitir a ordenación detallada do solo urbano consolidado a un plan especial de protección.

6. Aos plans especiais de protección correspóndenlles, entre outras, as seguintes determinacións:

a) A identificación e xustificación dos elementos, ámbitos e valores obxecto de protección.

b) A definición e regulación de categorías diferenciadas de protección, cando proceda.

c) O establecemento das medidas adecuadas, como por exemplo a regulación dos usos permitidos, compatibles ou prohibidos, das actuacións e obras permitidas e prohibidas sobre os elementos ou ámbitos protexidos, e outras que se xulguen necesarias para garantir a protección e conservación, sen prexuízo do establecido na normativa sectorial correspondente.

d) A regulación e programación da execución das actuacións de recuperación, rehabilitación ou mellora dos elementos, ámbitos ou valores obxecto de protección, de ser o caso.

Os plan especiais de infraestruturas e dotacións (art.183 do RLSG):

1. Os plans especiais de infraestruturas e dotacións teñen por obxecto o establecemento e a ordenación das infraestruturas relativas ao sistema de comunicacións, transportes, espazos libres públicos, equipamento comunitario, instalacións destinadas aos servizos públicos e subministracións de enerxía e abastecemento, evacuación e depuración de augas e a implantación dos usos previstos nas letras o) e p) do artigo 35.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro e artigo 50.1 deste regulamento, de conformidade co disposto no artigo 36.4 da mesma lei e 51.4 do regulamento.

2. Os plans especiais de infraestruturas e dotacións conterán as determinacións axeitadas á súa finalidade e, en todo caso, as seguintes:

a) Delimitación dos espazos reservados para infraestruturas e dotacións urbanísticas e o seu destino concreto.

A tal efecto, establecemento da cualificación como dotacional do solo que requira a súa implantación, indicando o seu carácter público ou privado e,

de ser o caso, identificación como sistema xeral ou local das instalacións que conteña.

b) Medidas necesarias para a súa adecuada integración no territorio e para resolver os

problemas que xere no viario e nas demais dotacións urbanísticas.

c) Medidas de protección necesarias para garantir a funcionalidade e accesibilidade universal das infraestruturas e dotacións urbanísticas.

d) Regulación das características da dotación e, no seu caso, dos parámetros edificatorios aplicables.

e) Regulación, se é o caso, doutros criterios e normas ás cales se teña que axustar o correspondente proxecto técnico.

f) No caso de plans especiais para a implantación dos usos previstos na letra o) do artigo 50, o plan especial incorporará unha xustificación do cumprimento das condicións establecidas no artigo 54 que garanta que a instalación ou construción dedicada ao turismo que se proxecta é potenciadora no medio onde se localiza.

4. DOCUMENTACIÓN DOS PLANS ESPECIAIS.

A documentación dos plans especial ven establecida no artigo 184 do RLSG.

1. Segundo o seu primeiro punto deberán concretarse nos documentos seguintes:

a) Memoria

- Parte informativa
- Parte xustificativa

b) Relación das persoas titulares dos terreos afectados segundo datos catastrais.

c) Estudos complementarios necesarios en función da súa finalidade.

d) Planos de información a escala adecuada.

e) Planos de ordenación a escala adecuada.

f) Ordenanzas de edificación e usos do solo, cando se trate de plans especiais de reforma interior. (Non é o caso).

g) Normas de protección, cando se trate de plans especiais desta natureza

h) Normas técnicas e parámetros da edificación aos cales deban axustarse os proxectos técnicos.

i) Avaliación económica da implantación dos servizos e da execución das obras de urbanización, incluíndo a conexión aos sistemas xerais e, se é o caso, as obras de ampliación ou reforzo deles.

Así como unha memoria de viabilidade económica cando así o exixa a lexislación estatal (Non é o caso).

j) Catálogo. (Non é o caso).

O presente PE conta con toda a documentación aquí relacionada agás no referente á memoria de viabilidade económica, que é de exixencia segundo a lexislación sectorial no caso de transformación urbanística do solo (xustifícase a non necesariedade no apartado VIII desta memoria) e o Catálogo, dado que a prospección realizada (achegada no apartado VI.7) non identificou no ámbito ningún elemento.

2. A documentación conta co grao de precisión adecuado para os seus fins.

3. Non existe unha ordenación detallada no planeamento xeral.

4. Esta documentación formalizarase nunha copia de todo o seu contido en soporte dixital que será entregado ao Concello de Carballo.

NORMAS TÉCNICAS DE PLANEAMENTO.

As Normas Técnicas de Plan foron aprobadas pola Consellería de Medio ambiente, territorio e vivenda por Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das normas técnicas de plan urbanístico de Galicia entrando en vigor aos 6 meses da súa publicación.

O apartado 3 da disposición transitoria primeira establece que os Plan Especiais (entre outros instrumentos de desenvolvemento) están suxeitos ao cumprimento das NTP. Con todo, en relación á aplicación do título II seralles de aplicación unicamente cando o plan xeral que desenvolven xa estea adaptado a el. Sen prexuízo diso, para a súa elaboración utilizarase como soporte a cartografía oficial rexistrada dispoñible no Instituto de Estudos do Territorio, actualizada ou detallada para o ámbito afectado, cando sexa necesario.

Respecto da cartografía contactouse co Instituto de Estudos do territorio e coa Dirección Xeral de Urbanismo a fin de solicitar como soporte a cartografía oficial rexistrada. A contestación de aplicación a tódolos instrumentos de desenvolvemento achegada pola D. X de urbanismo o 25 de xuño de 2020 é que a Xunta só dispón de cartografía actualizada a escala 1/10.000, indicando que de acordo coa Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica de España as escalas de maior detalle (1/2000, 1/1000 ou 1/500) non son propias do ámbito autonómico, se non das entidades locais.

O Concello de Carballo facilitou ao equipo redactor a cartografía actualizada do ámbito do termo municipal así como fotografías aéreas. Para a redacción do presente Plan Especial elaborouse unha cartografía propia en proxección ETRS89, sobre a que se traballa.
O plan especial adáptase ao título TITULO I e III das NTP, entregando o modelo de datos de arquivos vectoriais segundo Anexo 3 apartado 2 de instrumentos de desenvolvemento, recollendo os seguintes arquivos vectoriais:
- Delimitación do instrumento de desenvolvemento.
- Calificación do solo.
- Edificacións, identifícanse as edificacións existentes que se manteñen. O plan especial non identifica novas edificacións, previndo exclusivamente parcelas onde se poden implantar determinados usos.

A estrutura de cartafoles segundo pode verse no Índice xeral contido ao comezo deste documento adáptase ao determinado no Anexo 4 para plans especiais.

Achégase como anexo a ficha de vixencia de plan segundo o modelo do anexo 7 das NTP.

5. PROCESO DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA:

Durante a as primeiras fases de elaboración do presente plan parcial realizouse un importante esforzo para promover a participación pública.

Tratouse de recadar a opinión do maior número de persoas con diferentes implicacións no ámbito: os propietarios de solo, a poboación dos asentamentos lindantes e de Carballo en xeral, os usuarios estivais da praia así como dos que acoden durante todo ao ano, escolas de surf, empresarios da zona, asociacións,…para acadar unha ordenación o máis consensuada posible.

As medidas para fomentar a participación ao longo de toda a elaboración e tramitación que se puxeron en marcha son:

Blog do plan especial para divulgar información

Creouse un blog a fin de divulgar o plan especial, amosando os seus obxectivos e limitacións. No blog vanse colgando entradas referentes á información básica da actuación, así como as enquisas, reunións, avance e tramitación do P.E.

Ademais a cidadanía pode poñerse en contacto co equipo redactor e consultar calquera dúbida que se teña ao respecto.

A páxina web municipal (www.carballo.org) creou na súa páxina principal un acceso directo ao blog.

Correo electrónico

Abriuse unha conta de correo electrónico (perazoarnados@gmail.com) que publicítase no blog de xeito que os veciños pregunten ou amosen as súas inquedanzas e intereses sobre o PE.

No correo electrónico recibíronse dúas suxestións que serán tidas en conta na medida do posible.

Redes sociais

Para chegar ao maior número de persoas estanse a empregar as redes sociais (facebook e twitter) sendo unha das maneiras de informar á poboación local, colgando entradas sobre as actividades que teñen que ver co proceso participativo.

Xornadas informativas:

1- PRIMEIRA XORNADA. Durante o proceso de elaboración do Borrador e do DIE.

O día 15 de decembro de 2017 realizouse unha xornada informativa nocolexio público de Arnados a fin de explicar os obxectivos do Plan Especial, as restricións do PXOM e da normativa sectorial así como dos trámites e prazos de aprobación do documento.

A fin de que a xornada tivese a maior divulgación elaborouse unha invitación que foi difundida entre a cidadanía:

Invitación á xornada informativa

Ademais de xeito individualizado convidouse aos seguintes grupos de interese:

Nombre	Ámbito
Consello parroquial / AAVV	Carballo
Grupos políticos	
Protección civil	
Asociación ambiental Senda Nova	Carballo
Asociación Turismo Costa da Morte	Costa da Morte (fan actividades en Razo)
Asociación Recreativa, Cultural e Deportiva San Martín de Razo	Razo
Federación Galega de Surf	Galicia
Asociación Cultural Rebeldía	Carballo (festival Sereas e Piratas en Razo)
Asociación Mar de Fábula	Costa Galega (actividades de limpeza en Razo)
RAZ CAMP SURF	Escola/ campamento de surf
ART SURF CAMP	Escola/ campamento de surf
Clube de Surf Teiron (vinculado Artsurf camp)	
Veteranos San Isidro-Razo (futbol)	Razo
Federación ecoloxista galega	Galicia (interesado PXOM)
ADEGA- Asociación para a defensa ecolóxica de Galicia	Galicia (interesado PXOM)
Asociación Galicia non se vende	Galicia (interesado PXOM)
Asociación ecoloxista Verdegaia	Galicia (interesado PXOM)
Asociación ecoloxista Amigos da Terra	Galicia (interesado PXOM)
Grupo de acción costeira Costa da Morte	Galicia (interesado PXOM)
Fundación Galicia Sustentable	Galicia (interesado PXOM)

CEIP Nétoma- Razo	Colexio
ANPA San Martiño	Colexio
Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia	Galicia
Fundación Juana de Vega. Escola de Paisaxe	
Escuela Tecnica Superior de arquitectura de A Coruña	
Autocares Vázquez	
Instituto de Estudos do Territorio (CMAOT)	
Rutas en bicicleta (BBT)	
Concelleria de deportes. Voleibol	
Pesca deportiva Razo	

Á xornada acudiron unhas 70 persoas.

O equipo redactor trala introdución do Alcalde realizou unha síntese explicativa dos seguintes aspectos:

- Delimitación do ámbito
- Obxectivo do Plan especial
- Tramitación do documento ata acadar a aprobación definitiva. Fases de participación/ información pública
- Evolución histórica do territorio
- Clasificación do solo no PXOM
- Incidencia do Plan de Ordenación do Litoral
- Incidencia de lexislacións sectoriais (costas, augas, rede natura
- Redes de servizos existentes

Logo da explicación abriuse unha quenda de preguntas na que o público expresou as súas inquedanzas.
Especial importancia tiveron as dúbidas referentes ao traslado do Campo de fútbol. Na reunión explicouse que o campo atópase fora do ámbito e no PE tan só se está a buscar unha alternativa dado que se atopa sobre terreos dentro o dominio público. A raíz desto realizouse unha entrada explicativa no blog a este respecto.

2- SEGUNDA XORNADA. Documento para aprobación inicial.
O venres 13 de decembro de 2019 unha xornada informativa no colexio público de Arnados a fin de explicar o documento presentado para aprobación inicial así como o estado de tramitación.

Elaborouse unha invitación a fin de que xornada tivese a maior divulgación posible que foi difundida a través do blog, das redes sociais e da páxina web do Concello de Carballo.

O equipo redactor trala introdución do Alcalde realizou unha síntese explicativa dos pasos dados na tramitación do Plan Especial, así como da ordenación proposta no mesmo. Explicouse a zonificación e usos permitidos na ordenación proposta así como a avaliación económica das intervencións previstas.

A xornada acudiron unhas 100 persoas que trala explicación do documento abriron unha quenda de preguntas. Deuselle resposta a aquelas xenéricas deixando aberta a canle do blog para aquelas consultas de índole máis particular.

Xornada informativa Plan Especial de Protección Infraestruturas e Dotacións de Razo-Arnados

12/09/2019 12:44:00 a. m.

O Venres 13 de decembro convidamos a todos os interesados a xornada informativa Plan Especial de Protección Infraestruturas e Dotacións de Razo-Arnados.

Lugar: CEIP de Nétoma-Razo (Carballo)
Data: 13 de decembro as 19:00 h.

Enquisas

1- ENQUISA INICIAL.

Creouse unha enquisa para coñecemento da opinión do público respecto da praia, información acerca da percepción sobre as dotacións e servizos existentes, afluencia de coches e persoas, aspectos negativos e positivos a resaltar e a disposición a cambios como aparcadoiros disuasorios, transporte colectivo, limitar o acceso e/ou velocidade de vehículos…

Esta enquisa foi repartida na xornada informativa e colgada do blog.

Nome_____ NIF_____

Modelo de enquisa – Proceso Participativo P.E. Razo – Arnados

01- Relación co sector Razo-Arnados

☐ Residente habitual ☐ Concello de Carballo ☐ Visitante ☐ Propietario de solo

02- Sexo

☐ Home ☐ Muller

03- Idade

☐ < 18 anos ☐ 18 –44 ☐ 45 – 65 ☐ > 65

04- Motivo da visita a Razo-Arnados

☐ Traballo ☐ Surf ☐ Lecer ☐ Outros

05- Segundo a súa opinión, como valora os seguintes aspectos no ámbito Razo – Arnados

	Moi mal	Mal	Regular	Ben	Moi ben	NS/NC
Alumeado público						
Calidade no subministro de auga						
Funcionamento da rede de saneamento						
Depuración de augas residuais						
Aparcamentos						
Beirarrúas e camiños peonis						
Accesibilidade para persoas con mobilidade reducida						
Fluidez na circulación de vehículos						
Calidade do servizo de transporte público						
Suficiencia de servizos hostaleiros (hoteis, restaurantes e cafeterías)						
Suficiencia de outros servizos (tendas, supermercados, etc.						
Suficiencia de zonas verdes (parques, xardins, etc.)						
Suficiencia de dotacións públicas (centros sociais, colexios, etc.)						
Estado de conservación do entorno natural da praia de Razo						
Xestión das escolas de surf						

06- Pensa que hai moitos coches en Razo no verán?

☐ Si ☐ Non ☐ NS/NC

07- Pensa que hai demasiadas persoas na praia de Razo no verán?

☐ Si ☐ Non ☐ NS/NC

Nome_____ NIF_____

08- Podería destacar**dous aspectos positivos** do ámbito de Razo – Arnados?

_____
_____
_____

09- Que estaría disposto a facer para mellorar as dotacións e o entorno natural da praia de Razo?

1- Deixar o coche nun aparcadoiro disuasorio

☐ Si ☐ Non ☐ NS/NC (Non Sabe / Non Contesta)

2- Empregar o transporte pública para vir á praia

☐ Si ☐ Non ☐ NS/NC

3- Crear zonas de acceso restrinxido para protexer o entorno natural

☐ Si ☐ Non ☐ NS/NC

4- Limitar a velocidade de circulación dos vehículos

☐ Si ☐ Non ☐ NS/NC

5- Habilitar un espazo específico para o estacionamento de caravanas

☐ Si ☐ Non ☐ NS/NC

10- Podería destacar**dous problemas ou necesidades urxentes** que deberían resolverse no ámbito de Razo – Arnados?

_____
_____
_____

11- Se respondeu á pregunta anterior (08) que propostas ten para solucionalos?

_____
_____
_____

12- Pensa que, en xeral, o entorno (natural e urbano) da praia de Razo mellorou ou empeorou nos últimos anos

☐ Mellorou ☐ Empeorou ☐ Segue igual ☐ NS/NC

13- Se respondeu á pregunta anterior (10), por que?

_____
_____
_____

Enquisa inicial

A data de hoxe entre as enquisas en papel (8) e as do formulario dixital (13) recolléronse 21 enquisas cumprimentadas cuxo análise recóllese a continuación:

En canto á relación dos enquisados co plan especial, 6 son de residentes no entorno, 3 de Carballo, 1 visitante e 2 propietarios de vivenda ou solo no ámbito. Son 12 homes e 9 mulleres, 17 deles con idade entre os 18 e 44 anos, 2 entre 45-65 e 2 maiores de 65.

O motivo da visita a Razo- Arnados é 1 por traballo, 2 por surf, 6 lecer e 9 por outros motivos

Por bloques de información estas son as respostas recollidas:

Pensa que hai moitos coches en Razo no verán?	Nº
Si	14
Non	6
NS/NC	1
Pensa que hai demasiadas persoas na praia de Razo no Verán?	Nº
Si	7
Non	12
NS/NC	2

Que estaría disposto a facer para mellorar as dotacións e o entorno natural da praia de Razo?	
Deixar o coche nun aparcadoiro disuasorio	
Si	6
Non	1
NS/NC	1
Empregar o transporte público para vir á praia	
Si	13
Non	6
NS/NC	1
Crear zonas de acceso restrinxido para protexer o entorno natural	
Si	15
Non	4
NS/NC	1
Limitar a velocidade de circulación dos vehículos	
Si	16
Non	3
NS/NC	1
Habilitar un espazo específico para o estacionamento de caravanas	
Si	19
Non	1
NS/NC	1

	Moi mal	Mal	Regular	Ben	Moi Ben	NS/NC
Alumeado público	4	5	6	4	2	
Calidade no subministro de auga	10	4	3	3		1
Funcionamento da rede de saneamento	3	5	4	2	2	3
Depuración de augas residuais	6	4	4	2	1	4
Aparcadoiros		6	7	6	1	
Beirarrúas e camiños peonís	5	7	6	2	1	
Accesibilidade para persoas con mobilidade reducida	4	7	6	1	1	2
Fluidez na circulación de vehículos	3	5	9	3	1	
Calidade do servizo de transporte público	4	6	5	1	1	4
Suficiencia de servizos hostaleiros (hoteis, restaurantes e cafeterías)	4	3	8	4	1	
Suficiencia de outros servizos (tendas, supermercados, etc.)	4	5	6	4	1	
Suficiencia de zonas verdes (parques, xardíns, etc.)	2	4	5	9	1	
Suficiencia de dotacións públicas (centros sociais, colexios, etc.)	2	5	2	7		4
Estado de conservación do entorno natural da praia de Razo	1	7	5	8		
Xestión das escolas de surf	1	1	2	7	3	6



En canto aos problemas ou necesidades urxentes que deberían resolverse no ámbito de Razo, estas foron as respostas obtidas:

- ***Auga potable***
- ***Urbanismo descontrolado***
- ***Velocidade vehículos inadecuada***
- ***Beirarrúas e alumeado***
- *Os problemas da construción sen licencia adecuada, o seu feísmo; a circulación descontrolada de vehículos con grave risco de atropelo ou accidente; a desconexión da praia e a súa xestión con un movemento emerxente de turistas, necesidades da xente local, os menos do pobo non coñecen un deporte que identifica Razo como é o surf, sendeirismo, mountainbike, etc.*
- *Os excesivos vehículos na zona.*
- *Aparcamento de caravana*
- *Hotel*
- *Aumentar turismo*
- *Masificación de coches no verán*
- *Eliminación verquidos no río da explanada*
- *Eliminar la contaminación acústica dos altavoces*
- *Zonas de aparcamento en solo de valdío (que hai moito), non nas fincas dos veciños de Razo que moitos son o único que teñen, aínda que solo sexa para plantar. Pensar un pouco máis nos veciños que vivimos todo o ano alí e non facer solo cousas para os turistas que veñen á praia nun mes do verán. En todo o resto do ano non se plantexan accións para mellorar o día a día dos veciños.*
- *Augas residuais do mar e a estrada ao porto*
- *Desplome do terreo sobre a praia, contaminación da auga*
- *Mirar máis polos veciños, auga, lixo, etc Deixar que os veciños constrúan nas súas terras.*
- *Reordenar o plan urbanístico e legalizar as vivendas que levan alí tantos anos e dan vida a este paraíso no verán. Sen eles non seria o mesmo. Hai vivendas de nova construción na veira do mar e para esas non se mira.*
- *Falta de solo urbano*

E as propostas realizadas para a súa solución:

- ***Detectores de velocidade Construír beirarrúas***
- ***Mellorar os accesos a Cambre – Lema***
- ***Rede de saneamento***
- *O plan especial semella unha proposta adecuada para facer de Razo - Arnados un lugar mellor. Demandamos orde, que as novas iniciativas que respecten o medio ambiente e a lexislación vixente se apoien, estrañamos desenvolvemento social a nivel de oferta de actividades, aloxamento que respecte o entorno, que abra as portas a novos turistas de calidade, concienciados co paraíso que conforma o entorno Razo - Baldaio, etc. Que o surf como motor económico da zona deixe máis o pobo de carballo, os seus nenos/as*

con por exemplo unha concesión dunha verdadeira escola municipal de surf, a concesión dun espazo concesional para a construción dun cámping que acolla un aloxamento sostible, con parking para auto caravanas, zona de tendas diferentes (glamping), cabanas familiares para familias, zonas de estar, sociais, etc.

- *Eliminar o parking actual a pe de praia e trasladalos a outro lugar.*
- *Transporte público*
- *Facer traída de auga potable para as casas e duchas da praia*
- *Utilizar os altavoces só para os avisos importantes, eliminar sons repetitivos*
- *Retirar os residuos da praia todo o ano (non só no verán)*
- *Conectar a primeira liña de praia co interior ven ordenado*
- *Reparar a estrada o porto ou cortala definitivamente e sancionar a quen estea vertendo eses residuos na zona da explanada*
- *Contrafortes na praia e negociación con propietarios para mover a estrada.. Acelerar las investigacións sobre os vertidos. Estes problemas son palpables desde fai varios anos.*
- *Dando permisos e mirando máis polas necesidades básicas. (traída)*
- *Legalizaciónde construción*
- *Definir de unha vez o plan urbanístico, con solucións coherentes*

En canto aos aspectos positivos valorados, destacáronse:

- ***Tranquilidade e a paz***
- ***Natureza***
- ***Paisaxe***
- ***O turismo no verán como motor económico e o potencial por explotar***
- ***Unha praia preciosa e boas olas para todos los niveis.***
- ***Natureza***
- ***Paisaxe***
- ***Surf***
- ***Cercanía con Carballo***
- *Espazo natural inmellorable e contexto ideal para o desenvolvemento de Carballo como un foco diferente, especial, paraíso natural, reserva de surf, etc.*
- *Praia*
- *Limpeza da praia*
- *Aparcamento xestionado por protección civil*
- *Pequenas melloras nos servizos públicos no entorno da praia e bo coidado das instalacións (duchas, pasarelas...).*
- *Panadería Razo*

En canto á percepción do entorno nos últimos anos:

Pensa que, en xeral, o entorno (natural e urbano) da praia de Razo mellorou ou empeorou nos últimos anos	nº
Mellorou	2
Empeorou	5

Segue igual	10
NS/NC	1

Se respondeu á pregunta anterior, por que?	
Mellorou	Porque se traballaron as infraestruturas na medida do posible. Loitouse contra a construción sen licencia. Promoveuse a limpeza da praia e o seu entorno. Promovéronse algunhas actividades diferentes. Pero... estamos lonxe do que podería ser unha das praias mas representativas do panorama nacional en todos os sentidos; vai moito máis aló do surf, e ten que ver co social, coa demanda dun estilo de vida saudable, activo, co paraíso que representa o nos litoral, a costa da morte, a ruta dos faros, etc.
	Hai más sitios onde aparcar e mellores servizos para os turistas
Empeorou	Non dispoñemos de beirarrúa e estradas en mal estado
	Antes era moito mais natural, mais sinxelo, agora parece que está entre ese sinxelo e converterse nunha zona turística e a verdade é que se bota de menos o Razo de antes. Pero se o concello quere facelo turístico que o faga non deixe as cousas a medias.
	Está todo desmellorado e non se coida.
	Porque está mal coidado, taludes que se caen, estrada Porriños cortada.
	Onde esta a bandeira azul??? Iso xa o di todo¡
Segue igual	Aseos e duchas insuficientes
	Abandono de Razo-Baldaio
	Directrices de integración paisaxística
	Eliminar o aglomerado da explanada
	Velocidade de vértigo
	Cada xuño- xullo se ven os mesmos problemas: desplomes sobre a praia, pouco alumeado, farois oxidados, auga contaminada, malos olores no baño da caseta dos socorristas da explanada
	Vexo pequenas melloras nos servizos da praia. Por outra banda, no que respecta ó urbanismo, penso que o control, é moi deficiente: constrúese moi preto da praia, en zonas que deberían ser de uso público, e fanse construcións de moi dubidoso gusto que non harmonizan para nada co entorno.
	Demasiado solo pendente de urbanizar (uso todo o ano)

Realizarase durante as xornadas de participación trala aprobación inicial unha enquisa de xeito que se poidan recoller aportacións por parte do público ao tempo que se pode facer fincapé en determinados factores favorables da ordenación prevista.

FASE DE INFORMACIÓN PÚBLICA.

O Plan Especial de Protección, Infraestruturas e Dotacións en Razo- Arnados foi aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 21/12/2020.

O Plan foi sometido a información pública polo prazo de dous meses a partir da publicación no DOG nº 27 de 10 de febreiro de 2021 inserindo na páxina web do Concello o documento aprobado inicialmente.

A aprobación inicial así como o enlace á documentación aprobada publicouse no blog creado polo equipo para a publicidade do Plan Especial de Protección, infraestruturas e dotacións en Razo Arnados:



Entrada no blog da aprobación inicial

O Concello notificou de xeito individualizado a cada un dos titulares catastrais, nesta notificación individualizada dábaselle traslado dun plano no que se indicaba a parcela catastral sobre o plano de ordenación do PE a fin de facilitar a comprensión por parte do público xeral.



Exemplo de información individualizada

A pesares da situación derivada da COVID que impediu a realización dunha exposición ao público por parte do equipo redactor, como se tiña feito nas outras fases, en aras de promover ao máximo a participación o equipo redactor atendeu de xeito individualizado aos interesados nas dependencios do Forum Carballo.

Dándolle publicidade a través da web municipal e do blog do plan especial:

Os luns e xoves de 17:00 a 20:00 os membros do equipo redactor mediante cita previa atenderon ao público interesado, ofertouse tamén a posibilidade de realizar as consultas a través de correo electrónico, de xeito telefónico ou mediante vídeo conferencias. Este servizo ofertouse dende o día 21 de xaneiro ata o remate do prazo de exposición pública (10/04/2021) co seguinte resultado:

- 57 citas presenciais
- 3 vídeo chamadas
- 1 entrada a través de blog
- 6 contactos a través de correo electrónico

No prazo de información pública achegáronse 69 escritos con 64 alegacións, que son analizadas polo miudo no apartado 10.2 da memoria xustificativa



EXPOSICIÓN PÚBLICA

1/22/2021 08:13:00 a. m.

DEL PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN, INFRAESTRUCTURAS Y DOTACIONES EN RAZO- ARNADOS (DOCUMENTO APROBADO INICIALMENTE)

O Plan Especial de Protección, infraestruturas e dotacións en Razo- Arnados foi aprobado inicialmente por acordo de Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 21 de decembro de 2020 e someterase á información pública polo prazo de dous meses dende a publicación no Diario Oficial de Galicia (Pendente).

O concello ten notificado a todos propietarios (titulares catastrais) de terreos de xeito individualizado dentro do ámbito do Plan Especial.

A exposición ao público por parte do equipo redactor, debido a actual situación pola COVID -19, non permite á realización dunha presentación pública do documento.

O equipo redactor está a atender ao público interesado en dependencias do **Fórum Carballo** os lun e xoves de 17:00 a 20:00. A atención realízase con cita previa que deberá solicitarse na Oficina Técnica Municipal (981.704 705).

Habilitarase tamén a opción de atención a través de vídeo-conferencias co equipo redactor, debéndose solicitar cita previa pola mesma cante.

Lugar: Fórum Carballo

Solicitar **cita previa** (Oficina Técnica Municipal): 981 704 705

Horario: Luns e xoves de 17:00 a 20:00

Entrada no blog da exposición ao público

COMISIÓNS INFORMATIVAS

Unha vez elaborado o documento de Proposta de Plan e proposta de informe de alegacións por parte do equipo redactor antes da súa remisión ao Órgano Ámbiental aínda que non é imprescindible na tramitación do documento o Concello de Carballo convoca a Comisión Informativa de Planificación Urbana e Mobilidade a fin de que o equipo redactor explique a todos os grupos o documento e a proposta de resolución de alegación.

Tras a explicación por tipos de alegación da proposta do equipo na segunda sesión realízase unha votación individualizada para cada unha das alegacións cuxo ditame é tido en conta no presente documento.

No anexo IX achéganse as actas das sesións extraordinarias dos días 8 e 15 de febreiro de 2022 da Comisión Informativa de Planificación Urbana e Mobilidade do Concello de Carballo.

6. XUSTIFICACIÓN DO INTERESE XERAL.

A xustificación do interese público do Plan Especial debén do seu obxecto, que é cumprir as determinacións dun instrumento de ordenación do territorio como é o POL en desenvolvemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Carballo.

Os obxectivos de este Plan especial de protección, infraestruturas e dotacións é preservar o medio ambiente do litoral costeiro, os espazos naturais e a paisaxe existente na costa de Razo, para a recuperación e protección das zonas degradadas e os areais, os accesos aos mesmos e a mellora das dotacións e infraestruturas que son claramente medidas de interese xeral.

O Artigo 42 do *Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana* establece o réxime das expropiacións por razón da ordenación territorial e urbanística determinando que:

> *A aprobación dos instrumentos de ordenación territorial e urbanística que determine a súa lexislación reguladora conlevará a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos correspondentes, cando ditos instrumentos habiliten para a súa execución e esta deba producirse por expropiación.*

II. MEMORIA. PARTE INFORMATIVA.

1. SITUACIÓN E DELIMITACIÓN DO PLAN E OBXECTO.

O ámbito do Plan especial sitúase na costa do termo municipal de Carballo. No borde litoral atopamos a praia de Razo coa marisma de Baldaio na zona oriental. No estremo occidental da praia atopase o núcleo rural de Arnados, cun fronte litoral moi antropizado ocupado por viais e aparcadoiros.

O plan especial recolle os terreos que envolven o núcleo de Arnados polo oeste, este e borde setentrional.



Cartografía da zona- Información Xeográfica de Galicia. Xunta de Galicia

O Plan Especial 2 Razo- Arnados delimítase no Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo aprobado definitivamente por Orde do 4 de febreiro de 2016 por Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

O ámbito delimitado polo PXOM comprende segundo a súa ficha unha superficie de 312.811m² situados na parroquia de San Martiño a carón da Praia de Razo. Está composto por dúas bolsas de terreo situadas ao este e oeste do núcleo de Arnados unidas por unha pequena banda que recolle parte do espazo público situado ao norte (metade setentrional do vial e aparcadoiros e zonas verdes).

O Plan Especial inclúe, na súa metade oeste parte dos terreos definidos no POL como área de recualificación dentro da Unidade Paisaxística de Razo,e na súa metade leste o borde litoral da praia de Razo e do espazo natural da Lagoa de Baldaio.

Delimitación do ámbito sobre ortofoto 2014

O límite norte do ámbito coincide co límite costeiro, co dominio público marítimo terrestre na zona leste e coa ribeira do mar no fronte do núcleo de Arnados e zona oeste.
Sendo o resto dos límites coincidentes coa delimitación do núcleo rural de Arnados e unha serie de vías secundarias.

Con respecto do vial denominado Paseo da Praia o límite entre o solo rústico (incluído no plan especial) e o solo de núcleo rural marcase no PXOM na metade da rúa, polo tanto tan só a metade do vial atópase no interior do plan especial. No apartado de redelimitación do ámbito da memoria xustificativa proponse a redelimitación do ámbito a fin de incorporar a totalidade deste vial, así como do resto dos viais delimitadores do plan ao desenvolvemento urbanístico.

Vistas parciais do ámbito extraídas do voo oblicuo elaborado para o POL.

Por outra banda para a elaboración do plan especial realizouse un levantamento topográfico do ámbito a unha escala máis de detalle e actualizada que a existente no PXOM de Carballo.

2. OBXECTO DO PLAN ESPECIAL..

O obxecto para o seu desenvolvemento segundo o propio PXOM é ademais de dar cumprimento dos obxectivos establecidos no POL para esta área de recualificación, o de ordear de forma integral as áreas susceptibles de acoller dotacións na costa, cos usos propios de espazos libres, actividades deportivas, accesos ás praias, aparcadoiros, etc, nun entorno sensible a nivel medioambiental e paisaxístico.

O obxecto e determinacións establecidos polo PXOM para o desenvolvemento do plan especial de protección, infraestruturas e dotacións en Razo Arnados recóllense na súa ficha:

OBXECTO E DETERMINACIÓNS

Ten por obxecto dar cumprimento aos obxectivos establecidos no POL para este área de recualificación, preservar o medio ambiente do litoral costeiro, os espazos naturais, e a paisaxe existente na costa de Razo, para a recuperación e protección das zonas degradadas e os areais, os accesos aos mesmos e a mellora das dotacións e infraestruturas. O Plan Especial deberá prever as redes de servizos suficientes segundo o artigo 72.2 da LOUG.

O obxecto desta delimitación e ordenar de forma integral as áreas susceptibles de acoller dotacións na costa, cos usos propios de espazos libres, actividades deportivas, accesos ás praias, aparcodoiros, etc, dentro dun ámbito sensible a nivel medioambiental e paisaxístico. Inclúese a necesidade de realizar un estudo da demanda de aparcamento dos areais, co obxectivo de que as dotacións propostas teñan en conta esta previsión.
As dotacións se localizarán na banda delimitada polas liñas de 100 a 200 metros desde o litoral, deixando a banda de 100 metros ata o deslinde público marítimo-terrestre vacante de edificacións de carácter permanente.
Conxuntamente co Estudo de Detalle da fachada litoral de Arnados, eliminarase o tráfico rodado do vial paralelo ao borde do areal, deixando únicamente o acceso restrinxido no borde costeiro, solucionando as circulacións peonís e rodadas.

O Plan tamén indicará as accións de recuperación medioambiental e paisaxística necesarias para as áreas degradadas. O equipamento deportivo existente, deberá reubicarse fora do dominio público marítimo-terrestre e da servidume de protección. O PE estudará o espazo público que conforma a fachada marítima do núcleo de Arnados.

Parte do ámbito do plan inclúese no área de recualificación "Playa de Razo". O Plan indicará as accións cara a dar cumprimento aos criterios e directrices establecidas no POL para estas zonas.

3. CARACTERÍSTICAS NATURAIS DO TERRITORIO. USOS ACTUAIS DO SOLO.

O apartado 7 do Estudo de Avaliación Estratéxico que acompaña ao presente documento explica as características do territorio.

Os aspectos principais tratados neste punto son os referentes á orografía, xeoloxía e edafoloxía, así como hidroloxía vexetación e usos do solo.

Recóllense nos últimos apartados deste punto os datos referentes a unidades ambientais hábitats e fauna protexida así como un apartado referente á paisaxe.

Esta documentación esta reflectida nos planos de 02 a 14 do EsAE.

Aínda así nos seguintes apartados descríbense as aspectos máis salientables das características naturais do ámbito, como a topografía e os cursos fluviais.

Descríbense neste apartado as coberturas e usos actuais do solo, as edificacións existentes e as dotacións e servizos. Ademais inclúense dous apartados que describen a topografía e hidrografía do ámbito debido a que estes dous aspectos foron moi alterados neste territorio.

3.1. TOPOGRAFÍA.

A topografía do ámbito ven determinada pola fronte costeira da praia de Razo, tendo na zona occidental cantís cun desnivel de 6 a 10 metros mentres que a transición no extremo oriental é máis gradual.

No interior do ámbito a topografía non presenta grandes alteracións, predominando as pendentes suaves e as chairas.

Na zona oriental do ámbito atravesada polo regos da Barcia e Pardiñas existe unha chaira de asolagamento a poucos metros por riba do nivel do mar, dende ésta cara o leste ascende unha ladeira con dirección, noroeste- surleste ata a cota +28 cunha pendente do 38%.

A zona de aparcadoiro e vial a carón do asentamento de Arnados é sensiblemente llana, sen grandes pendentes, a unha cota uns 10m por riba do nivel do mar.

Por último a zona occidental presenta unha ladeira que cae uniformemente cara a costa cunha pendente media do 18%. Esta topografía non é a orixinaria do territorio tendo constancia de que hai uns 20 anos realizouse un forte movemento de terras que converteu unha vaguada pola que discorría un rego na actual chaira. O rego foi derivado e entubado.

Nos **planos Topo 01- Topográfico, Topo 02- Hipsométrico e Topo 03- Clinométrico** da carpeta de planos de información e o **plano 02.1/2- Perfís do terreo** do anexo gráfico que os acompaña reflíctese a topografía, altitude e pendentes do ámbito así como os perfís máis significativos cunha proporción 1:1.

3.2. HIDROGRAFÍA.

Polo ámbito do plan especial discorren varios cursos fluviais que desembocan directamente ao mar na praia de Razo reflectidos no **04IOT_AFEC-04- Rede hídrica.**

O Rego da Barcia- Rego de Oza e o Rego de Pardiñas atravesan o ámbito na zona leste, xerando unha chaira de inundación. Na súa desembocadura na praia ambos están canalizados con estruturas de madeira para chegar de xeito conxunto ao mar.

Cursos fluviais da zona leste do ámbito

Tal e como se explicou no apartado precedente a topografía da zona occidental do ámbito foi fortemente modificada, realizando un movemento de terras que converteu a vaguada existente na actual chaira.

Segundo datos proporcionados polo veciños o rego existente foi parcialmente dirixido á altura de Razo da Costa cara o rego de Porriños que discorre ao sur do asentamento. As augas de escorrentía e parte da recollida de pluvias da estrada Arnados- Razo da Costa foi entubada.

Das análises visuais realizadas no terreo atopáronse dous pozos nos que se pode ver a canalización.

Un dos pozos, o situado máis ao oeste ten unha profundidade de 5-6m nunha zona de braña na parte alta do ámbito. O outro colector localizado discorre moito menos profundo, superficial en casos, en dirección norte- sur. Entra no ámbito carón do muro dunhas das vivendas de Razo da Costa, para tras un tramo en superficie volve ser canalizado, saíndo á superficie a uns 80m da costa que tras pasar baixo á calzada sae á praia con moita potencia.

Pozo na zona suroeste do ámbito e vexetación próxima.

Rego entubado en dirección norte- sur

3.3. USOS DO SOLO.

O ámbito que se está a analizar presenta un moi alto grao de antropización.

Analizando os usos e coberturas superficiais do solo dende este punto de vista cabe destacar varios aspectos que se representan no plano **03ACTUAL-01 Usos do Solo (SIOSE Galicia 2014.H26)**

Por unha banda atopamos zonas de terreo rústico con usos acordes coa súa natureza, xa sexan deixados mato ou ven con cultivos e prados, correspóndense coa zona máis oriental,

incluído na súa maior parte na Rede Natura 2000 e a zona máis próxima á costa e ao núcleo de Razo da Costa da zona oeste.

Por outra banda existen zonas que están moi alteradas como os terreos onde se realizou o movemento de terras ou onde existen construcións desvencelladas do medio rural.

A zona onde se sitúan as grandes bolsas de aparcadoiro a vía paralela a costa e outras vías son os terreos máis alterados dado que se atopan completamente pavimentados, son os sistemas xerais de transporte respostando á tipoloxía de sistemas xerais de transporte.

Esta análise dos usos actuais coincide sensiblemente con el mapa do *Sistema de Información de Ocupación del Suelo de España* (SIOSE) de 2014 con lixeiros axustes debidos á maior escala.



Mapa SIOSE 2014 trasladado ao plano PINFS_03ACTUAL 02

3.4. EDIFICACIÓNS EXISTENTES.

Dentro do ámbito existen 13 de edificacións reflectidas no **plano 03_EDIF EXISTENTES** do anexo gráfico na carpeta de planos de información.

Consultouse coa oficina técnica as licenzas concedidas no ámbito e á Axencia de Protección da legalidade urbanística (APLU) os expedientes de infracción abertos e estes datos acompañan tamén neste plano.

Dentro do ámbito existe unha única edificación de carácter residencial identificada co número 4 que ten unha edificación auxiliar na mesma parcela.

As edificacións referenciadas como 8 e 9 son edificacións auxiliares situadas en parcelas ocupadas por vivendas familiares que están recollidas nos núcleos colindantes.

Pero a maior parte das edificacións respostan a unha tipoloxía de edificios de escasa calidade arquitectónica que son destinadas a usos residenciais de tempada (os coñecidos como *"fins de semana"*), este é o caso das tres edificacións situadas ao leste (identificadas como 1, 2 e 3) a edificación situada no medio da zona de aparcadoiro (7) e as tres edificacións da zona oeste identificadas como 10, 11 e 12, ademais na maior parte dos casos estas edificacións están acompañadas de muros de peche macizos que aumentan o seu impacto na paisaxe.
No extremo oriental existe una parcela cun cobertizo de pequeno tamaño, esta parcela está pechada por muros de bloque de gran altura que xeran un forte impacto.
Por ultimo as edificacións 5 e 6 a carón da praia son empregadas pola escola de surf RAZ Camp.
A oficina técnica municipal nos comunicou que no ámbito concedeuse unha licenza á escola de surf, e unha segregación a unha parcela parcialmente incluída no núcleo rural de Razo da Costa.

A APLU ten expedientes abertos nas parcelas edificadas identificadas como 10 e 12, e estase a resolver un expediente aberto á escola de surf.

3.5. DOTACIÓNS E SERVIZOS BÁSICOS.

No **plano 04- Dotación e servizos básicos** do anexo gráfico na carpeta de planos de información, reflíctense as dotacións e servizos existentes no ámbito, vinculados en tódolos casos á praia de Razo.
Reflíctense os colectores de lixo e as papeleiras, así como as fontes e as duchas, todos eles situados na maior parte dos casos a carón dos puntos de acceso á praia.
No xardín situado entre o aparcadoiro e a praia existe unha edificación destinada a socorrismo e unha caseta de madeira para aseos. Nesta área de lecer hai tamén un área de xogo de nenos. Dentro da zona de aparcadoiro atópanse varios contenedores de transporte de mercadorias acondicionadas para protección civil.
No extremo máis oriental do ámbito sitúase un depósito municipal semisoterrado que abastece as duchas e ao campo de fútbol non estando potabilizada.
A dotación con máis incidencia no entorno é o campo de fútbol no que xoga o clube San Isidro de Razo a competición de liga de fútbol veteranos Costa da Morte que está fora do ámbito do P.E.

Os terreos nos que se sitúa actualmente o campo atópanse dentro da delimitación do DPMT (dominio público marítimo terrestre) sendo esta competencia de Costas do Estado que lle concedeu unha concesión por un tempo limitado.

O PXOM de Carballo establece entre as determinacións ao PE a necesidade de prever unha localización alternativa para este equipamento deportivo para o intre en que Costas do Estado non renove esta concesión.

Vista do campo de fútbol colindante co ámbito

3.6. REDES DE SERVIZOS EXISTENTES.

3.6.1. ABASTECEMENTO

A maior parte das vivendas de Arnados abastécense dunha traída veciñal. Esta situación está en proceso de cambio xa que o Concello xa conta con rede de abastecemento na zona.

A rede de abastecemento municipal ten a súa orixe nunha captación existente no río Anllóns, mediante un pequeno azud no lugar de Costa do Queo con concesión de augas outorgada pola Dirección de Augas de Galicia en data 17/07/2014 (expte. A.15.30164), que é unha modificación da concesión inicial tramitada no expediente E-1488. O auga captada no azud condúcese mediante un canle ata un pozo de bombeo, dende o cal se envía a unha estación de tratamento de auga potable (ETAP) situada o carón do bombeo a unha cota +115.

O bombeo está composto por 3 bombas con funcionamento 2+1, que operan segundo o nivel do depósito de auga tratada da ETAP.

A ETAP, segundo datos facilitados polo Concello, ten unha capacidade de tratamento de auga ata 432m3/h, e o proceso consiste en tratamentos de precloración, coagulación-floculación,

decantación, filtración e desinfección final. Dentro da ETAP encóntrase un equipo de bombeo para elevar o auga tratada ate o depósito de cabeceira situado en Paraíso (Berdillo) a cota +215m. Este depósito ten unha capacidade de 10.000m3.

A rede municipal que abastece o núcleo de Arnados parte do depósito existente no Polígono Industrial de Bértoa, de 1.000m^3 de capacidade, cunha condución de fundición de diámetro 300mm que atravesa o Polígono Industrial de este a oeste. Dende este punto sae do Polígono cara o norte en tubaxe de fundición de diámetro 200mm duns 5 km de lonxitude pola estrada DP1902. No núcleo de Vilar de Cidre a tubaxe pasa a un diámetro de 160mm en fundición seguindo o trazado da estrada DP1902 ata a entrada do núcleo de Arnados no cruce coa estrada a Razo da Costa onde xa se reduce o diámetro dos tubos a 110mm en fundición nos ramais principais ou 75mm, tamén en fundición, os secundarios.

Reflíctese esta rede no plano do anexo gráfico da carpeta de planos de información 05.6_Abastecemento.
Non se precisarán reforzos exteriores na rede existente.

A concesión da que dispón o Concello de Carballo conta cun caudal máximo conxunto de 170l/s, procedente dos ríos Anllóns e Bardoso para o abastecemento da poboación do Concello.
Segundo datos do INE, Carballo conta cunha poboación de 31.261 cidadáns. Este dato nos leva ó Apéndice 6 da Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia-Costa (aprobado polo Real Decreto 11/2016, do 8 de xaneiro) no cal, ó tratarse dunha poboación entre 10.000 e 50.000 habitantes a dotación necesaria oscila entre os 210 e 300 l/persoa-día para abastecemento urbán, en función da actividade industrial e comercial.
Ademáis, o Plan de Abastecemento de Galicia para o Concello de Carballo fixa unha dotación de 300l/persoa-día, xa que considera unha actividade industrial alta. Polo tanto, podemos considerar unha dotación de 300 l/persoa-día.

En base a este dato e a poboación do Concello de Carballo temos que:
Caudal consumido actualmente = 31.261 hab x 300 l/hab-día = 9.378.300 l/día = **108,54 l/s**

3.6.2. REDE DE SUMIDOIROS

Existe na actualidade unha rede municipal de sumidoiros, cun tubo que discorre baixo a vía paralela á praia que recolle a rede do núcleo de Arnados que se mantén.

Esta rede discorre ata o borde noroeste do núcleo onde se atopa unha estación de bombeo (Bombeo Arnados 2 – Cabreira 13.01.01.B) que impulsa as augas residuais baixo a rúa que pecha o núcleo polo oeste ata a rede que discorre pola estrada de Razo da Costa.
Este trazado vai por gravidade cara o leste recollendo outros ramais do núcleo de Arnados e termina na estación de bombeo existente preto do Rego de Pardiñas (Bombeo Arnados 3 – Estrada de Lema 13.01.02.B).
Dende este punto parte unha tubaxe que impulsa as augas residuais ata a EDAR de Arnados-Razo (13.01.01-E) situada a surleste do ámbito do Plan Especial, preto do Rego de Pardiñas.
Esta EDAR trátase dunha depuradora biolóxica de fangos activados mediante o sistema de aireación prolongada cun reactor circular aireado e decantador na parte central. A deshidratación de fangos realízase con centrifugadora. O verquido trátase con unha desinfección por UVA e atópase en perfecto estado de funcionamento.

Os principais datos de deseño desta EDAR son:

- Poboación equivalente de deseño 4.000 h.e.
- Caudal medio de deseño 804 m3/día
- Vertido ó Rego de Pardiñas.

A EDAR consta dun desbaste fino e desaireador, o tratamento biolóxico levarase a cabo nun tanque tipo canal de oxidación, realizándose a aireación mediante un aireador superficial tipo rotor de 3.000mm de lonxitude e 1.000mm de diámetro. Para a decantación secundaria adoptoruse unha unidade de decantador circular, con ponte de rasquetas de fondo e flotantes por succión. Os fangos do decantador secundario son conducidos a unha cámara de bombeo.

Reflíctese esta rede no plano do anexo gráfico da carpeta de planos de información 05.1_Saneamento.
Non se precisarán reforzos exteriores na rede existente.

3.6.3. REDE DE PLUVIAIS

A rede de pluviais é unha rede máis irregular pola súa especial característica de levar augas que se verten directamente ó mar o ós cauces fluviais.

Pola estrada de Razo da Costa se dispón dunha rede de imbornais que nun primeiro tramo desaugan no tubo que recolle o antigo regato existente na zona de Os Areos (que o PE prevé recuperar).
Esta rede se prolonga pola estrada de Razo da Costa cara o oeste para rematar vertendo as augas pluviais ó cauce do Rego da Barcia e máis adiante no Rego de Pardiñas.
A rede que ven pola estrada DP1902 dende o sur verte as augas pluviais no Rego de Oza e a rede que discorre polo paseo marítimo verte ó mar en dous puntos, na zona oeste preto da estación de bombeo Arnados 2, e a zona do leste no inicio do paseo marítimo por esa banda.

A maior parte da rede está deseñada en tubo de PCV de diámetro 315 que se reflicte no plano do anexo gráfico da carpeta de planos de información 05.2_Pluviais.
Non se precisarán reforzos exteriores na rede existente.

3.6.4. ENERXÍA ELÉCTRICA

Segundo a documentación do PXOM no entono do ámbito existen tres centros de transformación (un en Arnados na estrada DP1902, outro nas proximidades do Colexio Público de Nétoma-Razo e outro en Razo da Costa) aos que chega a rede en media tensión e se distribúe en baixa. Esta información reflíctese no plano do anexo gráfico da carpeta de planos de información 05.3_Rede eléctrica.

O CT de Razo da Costa (aéreo) recibe a súa alimentación dende un tendido aéreo de media tensión que lle chega polo sur e da servizo ó núcleo de Razo da Costa.

Son os outros dous os que dan servizo ó núcleo de Arnados. A liña de media tensión chega ó núcleo de Arnados pola estrada DP1902 soterrada e alimenta o CT situado na entrada do núcleo preto do lavadoiro ubicado na marxe dereita entrando no núcleo. Dende este CT préstase o servizo a maior parte do núcleo de Arnados na zona máis o leste e no centro. A rede de distribución en baixa tensión é principalmente en aéreo.
Este CT é o orixe da liña de media tensión soterrada que discorre pola estrada de Razo da Costa en dirección oeste e que alimenta o CT situado preto do Colexio Público de Nétoma-

Razo. Dende este CT se abastece en baixa tensión ó resto do núcleo de Arnados na súa zona máis ó oeste.

Non se precisarán reforzos exteriores na rede existente.

3.6.5. ALUMEADO PÚBLICO

O núcleo de Arnados conta con alumeado público na totalidade da zona habitada. Xa dentro de noso ámbito, existe alumeado público na vía situada no fronte litoral de Arnados e no aparcadoiro público ata o campo de fútbol. Nas bolsas de terreo interiores do ámbito non existe apenas ningún punto de luz. Esta información reflíctese no plano do anexo gráfico da carpeta de planos de información 05.5_Alumeado.

As luminarias existentes as podemos clasificar en dous tipos principalmente:

-luminarias de brazo en poste de formigón de tendido eléctrico.

-luminarias completas compostas de pé e brazo.

As primeiras montan unha óptica en bulbo que produce unha alta contaminación lumínica xa que este tipo de óptica dispersa moito a luminosidade.

As segundas contan con unha óptica plana que ten un mellor comportamento de cara á contaminación lumínica dirixindo todo o haz de luz cara o solo.

A distribución é mesturada de ámbolos dous tipos.

3.6.6. TELECOMUNICACIÓNS

No núcleo de Arnados, existe rede de telefonía na súa maior parte mediante tendido aéreo propiedade de Telefónica. Tan só conta con dúas pequenas zonas con canalización soterrada no centro do núcleo, que se reflicten no plano do anexo gráfico da carpeta de planos de información 05.4_Telecomunicacións.

Tamén conta o núcleo con servizo de cable de fibra óptica mediante tendido aéreo propiedade da compañía R-Cable. Na entrada do núcleo pola estrada DP1902 se atopa a caseta do nodo da compañía do que parte a rede que aproveita os postes existentes de Telefónica. O tendido fíxose en aéreo xa que a maioría do parque edificado non conta con arquetas de conexión para rede de telecomunicacións debido a súa antigüidade.

4. IDENTIFICACION E XUSTIFICACION DO OBXECTO A PROTEXER.

O obxecto do plan especial establece que este debe contribuir e preservar os valores ambientais e paisaxísticos deste espazo costeiro.

Para a identificación dos valores ambientais a protexer partimos das unidades ambientais descritas no apartado 7.1. do EsAE.

O ámbito e a súa contorna caracterízanse por un considerable grao de antropización (núcleo de Arnados e Razo da Costa) como dos usos gandeiros e infraestruturas ligados a estes asentamentos.

Dentro do sector atopámonos e nos seus lindeiros os seguintes ecosistemas agrupadas en catro grupos segundo o Plan Director de Rede Natura 2000.

- **Áreas urbanas e industriais**. Estas zonas atópanse moi antropizadas, onde a actividade do ser humano a modificado considerablemente o medio natural. A presenza de vexetación natural é mínima a maior parte do estrato vexetal responde a especies ornamentais o ruderais.
    - Áreas de uso deportivo, recreativo ou dotacional (Valor de conservación moi baixo)
    - Núcleo de poboación. (Valor de conservación moi baixo).

- **Hábitats mariños e costeiros**. Esta unidade litoral está determinada polas augas mariñas, ocupa todo o borde setentrional do sector e da súa contorna. Este ámbito se caracteriza pola súa elevada naturalidade e diversidade.
    - Acantilados costeiros. Nesta unidade podemos atopar o hábitat prioritario Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde *Thero-Brachypodietea* co código 6220. (O PD Rede Natura determina que o **valor de conservación alto**).

Acantilados costeiros de Razo

- Dunas costeiras activas. Os hábitats prioritarios presentes nesta unidade ambiental son Dunas fixas descalcificadas atlánticas (*Calluno-Ulicetea*) co código 2150, Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea ("dunas grises") co código 2130 e Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde *Thero-Brachypodietea* co código 6220. (O PD Rede Natura determina que o **valor de conservación alto**).
- Pendentes e depósitos costeiros alzados. (**Valor de conservación alto**).
- Praias. Nesta unidade atopamos vexetación anual sobre argazos e chairas lamacentas non cubertas pola auga na baixamar. (**Valor de conservación alto**).
- Sistemas dunares fosilizados. Este sector esta ocupado por queirogais secos europeos (**Valor de conservación alto**).

- **Humidais continentais.** Dentro do sector coinciden cos cursos fluviais de Rego de Oza, o rego de Pardiñas e o rego de Porriños (este último moi alterado e non coinde ca representación cartográfica do PD Rede Natura)
  - Augas correntes. Nesta unidade podemos atopar o hábitat prioritario Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* co código 91EO (**Valor de conservación moi alto).**

- **Paisaxe rural tradicional (>200 anos).** Ocupa os extremos oriental e occidental do sector.
    - Mosaico rural con campos sen sebes. Esta unidade ocupa gran parte da zona occidental do sector. A pesar de que inda se conservan os usos agrogandeiros, este sector atopase moi modificado pola acción antrópica, froito da roturación das parcelas (destruíron a morfoloxía parcelaria tradicional) e o movemento de terras (modificación da xeomorfoloxía do lugar). O PD de Rede Natura cataloga este ámbito cun valor de conservación alto, inda que sería máis coherente determinar esta unidade ambiental como unha paisaxe rural transformada, cun valor de conservación baixo o moi baixo. A maior parte do sector son prados de sega e colonizados por t matogueiras de toxo (*Ulex europaeus*)

Prados de sega e matogueiras na parte occidental do sector

- **Viais e liñas de abastecemento.** Son a malla de pistas que artellan o sector e a súa contorna. Este espazo está totalmente antropizado, onde o estrato vexetal e totalmente residual.
    - Vías terrestres de comunicación (Valor de conservación moi baixo).

Tendo en conta esta análise os valores ambientais a conservar no ámbito son:
Os habitats mariños e costeiros (formados polos acantilados costeiros, dunhas costeiras activas, pendentes e depósitos costeiros alzados, praias e sistemas dunares fosilizados) cun alto valor de conservación.
Os humedais continentais (augas correntes) que descorren polo ámbito teñen un moi alto valor de conservación.

Parte do ámbito atópase dentro da delimitación de figuras de conservación da natureza, estando o extremo setentrional está dentro do ZEPVN Costa da Morte (Zonas de Especial conservación ZEC: ES1110005) e (Zona de Especial Protección para las Aves ZEPA ES0000176), que se extende por todo o borde costeiro dende Arteixo ata Fisterra, ocupando 11.809 Ha. (Ver mapa 10 Rede Natura 2000). De estas 11.809 Ha, dez ocupan o sector, que supón arredor dun 35% do mesmo. A maior parte do sector que se atopa en Rede Natura está en Zona 1, Área de Protección, excepto un estreito tramo que vai paralelo a rúa Paseo da Praia que é Zona 2, Área de Conservación (Ver mapa 11 Zonificación do PD Rede Natura 2000).

Segundo o Plan Director da Rede Natural 2000, existen no ámbito 16 hábitats prioritarios, identificados e delimitados no plano 08- Hábitats prioritarios do DIE, cuxa protección é primordial para o presente Plan Especial.

En canto á paisaxe, acompaña ao presente documento o Estudo de Impacto e integración paisaxística, onde se analiza a paisaxe do ámbito dende todas as súas vertentes, estrutural e textural, así como a estrutura relacional tanto a nivel funcional como formal/ estética e ecolóxica.

Como conclusión deste apartado realízase a seguinte valoración:
A nivel do sector non se atopan elementos culturais destacables. A maior riqueza deste espazo responde aos valores naturais, valores produtivos e estéticos.

Os valores naturais concéntranse dentro da ZEPVN Costa da Morte, xa citados anteriormente. A pesar de gran valor ambiental deste espazo, o sector sufriu unha serie de procesos e actuacións que mermaron a calidade ambiental do sector (procesos de urbanización, alteración do rego Porriños, colonización de especies invasoras, tránsito peonil e de vehículos, acampadas e aparcamento en lugares de enorme sensibilidade, etc.).

Vista da Zona 1 da Red Natura 2000 actualmente degradada polo transito de vehículos e o campamento irregular

Os valores produtivos do sector están vencellados ao potencial turístico do areal fundamentalmente, xa que o aproveitamento agropecuario é moi reducido no sector. O maior valor agropecuario redúcese a desembocadura dos río Oza e Pardiñas, debido unha maior riqueza do solo e a unha orografía moi suave.

Mentres os mellores lugares para apreciar os valores estéticos sitúanse no punto de observación de Razo, establecido no POL, e no extremo nororiental do sector, chamado Os Campos. En menor medida tamén se pode destacar a liña costeira do sector como un bo emprazamento para apreciar estes valores estéticos de todo o litoral de Razo-Baldaio.

Estes aspectos son tidos en conta no presente documento a fin de valorizar e protexer a paisaxe.

5. IDENTIFICACIÓN DAS ZONAS DO TERRITORIO CON RISCOS.

O Concello de Carballo, presenta segundo o PLATERGA (Plan Territorial de Protección Civil de Galicia alto risco, entendendo risco como os posibles fenómenos ou sucesos de orixe natural ou xerados pola actividade humana que poden dar lugar a danos para as persoas ou os seus bens e/ou o ambiente.

O risco potencial de que acorra unha emerxencia determínase a partir de tres compoñentes fundamentais: o Risco Estatístico, a Vulnerabilidade Poboacional e a posibilidade de que teña lugar algúns dos chamados Riscos Especiais:
O concello de Carballo presenta un risco estatístico moderado, unha vulnerabilidade moi alta e respecto aos riscos especiais uns valores moderados.

RISCOS NATURAIS

Inclúense aqueles riscos que se deben a factores xeográficos e climáticos. En ocasións son riscos predecibles en función da situación atmosférica e xeográfica das zonas. Coidan manterse nun nivel constante ao longo do tempo. En xeral obrigan a unha planificación sobre as consecuencias.

O PLATERGA contempla os seguintes riscos naturais: nevadas, inundacións, riadas, xiadas, temporais, chuvias torrenciais, seísmos e derrumbamentos, avalanchas, desprendementos de terra seca.

O risco de **inundacións** a nivel municipal é moderado, aínda que se temos en conta o sector e o seu entorno, atopámonos ante un alto risco de inundación especialmente na parte oriental. A desembocadura do rego Oza-Barcia está catalogado polo Plan Hidrolóxico Galicia-Costa como ARSPI. Gran parte da zona oriental do sector atopase baixo a lámina de inundación nun período de retorno de 500 anos.



Mapa de intensidades por municipios. Fonte Sismigal 2009

Ademais tanto o concello como o sector atópanse nunha zona con alto risco derivado da acción dos **temporais.** Segundo o plan especial de risco de temporal de Galicia, por temporal se entende un fenómeno meteorolóxico adverso de ventos fortes ou moi fortes, furacáns ou tornados, capaz de producir, directa o indirectamente, danos ás persoas ou danos materiais de consideración. O sector debido a súa localización costeira presenta un maior exposición que outras zonas do concello a estes riscos.

O risco sísmico (con alta capacidade para producir consecuencias catastróficas) ten no concello de Carballo unha incidencia moi baixa, xa que posúe unha aceleración sísmica básica inferior ao 0,04g (Anexo do Real Decreto 997/2002). Segundo o mapa de intensidades por municipios de Galicia se localiza entre V-VI, cun **risco moderado** en **ocorrencia sísmica**.

Riscos por desprendementos

A dinámica natural do cantil presenta unha forte inestabilidade, que previsiblemente incrementarase de forma xeral pola subida do nivel do mar como consecuencia do cambio climático global.

Actualmente nos cantís occidentais pódese apreciar a inestabilidade dos mesmos, onde debido os desprendementos tívose que cortar ao tráfico unha vía local.

O retroceso imparable da costa, debido fundamentalmente pola subida do nivel do mar, fai que os desprendementos e a erosión dos cantís nos próximos anos se agrave. No caso de non tomarse medidas o litoral irá desaparecendo de forma progresiva.

Vista con cantís con desprendementos dende o areal de Razo Vista con cantís con desprendementos dende o ámbito

Con respecto dos cantís, o 18 de setembro de 2018 reuniuse a Xunta de Seguridade Local, emitindo a Demarcación de Costas de Galicia o seguinte informe respecto do concello de Carballo.

> "*Esta administración, en relación a este municipio, está tramitando el contrato de servicios para la redacción del proyecto constructivo "Protección del borde litoral de la playa de Razo, T. M. Carballo".*
>
> *El ayuntaiento está redactando los Planes Especiales para proteger los ecosistemas y marismas, dunas y playa de Razo. Una de las medidas que contiene, demandadas por esta Administración, es la retirada del vial paralelo a la playa de Razo en la zona no urbana que produce un impacto negativo, especialmente sobre los taludes, al contribuir por el efecto del paso de vehículos y la escorrentía superficial, a los desprendimientos sobre la playa.*
>
> *El objetivo del proyecto citado será estabilizar los taludes como ya ha ejecutado en otras zonas de la playa este Ministerio, una vez se retire el vial costero.Tambien hay que hacer notar que incluido en estos Planes Especiales está la dotación de aparcamietos, incluidos para caravanas, fuera de dominio público marítimo terrestre, así como la retirada del campo de futbol de Razo*".

Estes taludes conforman el límite setentrional del sector, considerando o Documento de Alcance da EAE que o Plan debería afondar máis na evolución do proceso erosivo dos cantís e dos posibles riscos por desprendemento –especialmente no relativo ao mantemento dos accesos á praia- e cómo as actuacións propostas afectarían ás condicións existentes.

Neste senso cabe destacar que o Ministerio para a Transición Ecolóxica. Dirección Xeral de Sostenibilidade da Costa e do Mar. Demarcación de Costas de Galicia está a tramitar a Evaluación de Impacto Ambiental Simplificada para o que ten redactado o DOCUMENTO AMBIENTAL do Proxecto construtivo "PROTECCIÓN AMBIENTAL DO BORDE LITORAL NA PRAIA DE RAZO" Termo Municipal de Carballo.

Esta documento analízase e descríbese no apartado 9.2 desta parte informativa.

Considérase que este proxecto xa está a conter o estudo máis pormenorizado da evolución do proceso erosivo dos cantís e dos posibles riscos de desprendemento, asumindo no presente documento as solucións aportadas. En canto aos accesos á praia o Plan Especial non modifica a súa situación ao atoparse a maior parte deles fora do seu ámbito de actuación. Se ben danse

unha serie de pautas para asegurar que o acceso á praia se realice sempre dende os lugares habilitados para elo, sen afectar aos cantís e zonas protexidas.

RISCOS ANTRÓPICOS

Son aqueles provocados ou derivados das accións ou das actividades humanas, estando directamente relacionadas co comportamento das persoas. Se trata dos seguintes tipos de risco:

- Asociados ao tráfico e transporte público: fai referencia a accidentes de autocares, trens, aviación, etc., que pola súa gravidade e cantidade de vítimas fai necesaria a activación de medios extraordinarios.
- Incendios forestais: necesitan planificación especial. Poden afectar a núcleos de poboación, aínda que a súa característica principal son os danos materiais e ao ambiente.
- Outros riscos: son aqueles riscos non tecnolóxicos debidos a actividades humanas ou á aglomeración de persoas en lugares e momentos determinados: romerías, espectáculos culturais, deportivos, relixiosos, etc.

Segundo a situación xeográfica poden ter consecuencias e magnitudes ben diferentes.

O principal risco antrópico del ámbito de estudio é el risco de incendio forestal, un dos más relevantes en Galicia. O PLADIGA identifica a Carballo como zona de alto risco de incendio (ZAR).



Mapa das Zonas de Alto Risco (ZAR) de incendio forestal

Inda que tanto no sector coma na súa contorna que o risco sexa moi baixo, de xeito nos últimos anos no ámbito aconteceu un único incendio no ano 2014 de escasas dimensións (descrito no informe da D. X de Ordenación forestal como "un incendio forestal que afectou a unha pequena superficie na zona oeste do ámbito" (código 2014150039).



Anexo I do informe da D. X. de Ordenación Foestal

RISCOS TECNOLÓXICOS

Débense á existencia de actividades de carácter tecnolóxico e de estruturas fixas ou móbiles, deseñadas e construídas polo ser humano. No sector non se aprecian riscos tecnolóxicos.

6. DETERMINACIÓNS ESTABRECIDAS POLOS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO CON INCIDENCIA NO ÁMBITO DO PLAN.

Ademais do instrumento de ordenación a nivel municipal como é o vixente Plan Xeral, o marco normativo nestas zonas sensibles dende o punto de vista medioambiental e paisaxístico é profuso, estruturado e ordenado xerarquicamente.
Por unha banda temos as Directrices de Ordenación do Territorio que sentan as bases da ordenación da comunidade autónoma e por outra plans con carácter máis sectorial como pode ser o Plan de Ordenación do Litoral que ordea a costa e o Plan director da Rede Natura 2000.

6.1. DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, polo que se aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio; Decreto 156/2012, do 21 de novembro, polo que se aproba a Comisión de Seguimento das DOT/2011 e da sustentabilidade territorial; Decreto 176/2013, do 21 de novembro, polo que se aproba o Plan de seguimento das DOT/2011 e da sustentabilidade territorial.

A Vila de Carballo é unha das cabeceiras do sistema urbano intermedio definido polas DOT, non sendo ningunha das determinacións establecidas para estes nodos determinante para a redacción do Plan Especial dado que se trata de imposicións ou orientacións para o sistema urbano.

Dende este documento fíxanse as determinacións excluíntes e orientativas para as zonas do litoral e para a protección do medio ambiente e do patrimonio natural.
Prevé que as actuacións en solo rústico de protección de costas, incluída a adecuación de espazos para uso e desfrute público, procurarán o mantemento da máxima naturalidade e, no seu caso, a restauración da calidade ambiental.

Teranse en conta as determinacións excluíntes e orientativas fixadas polas DOT para o litoral (apartado 6 do documento de Determinacións):

> ***Determinacións excluíntes***
>
> *6.1. A Xunta de Galicia elaborará un Plan de ordenación do litoral que terá natureza de Plan territorial integrado. …*

O Plan de Ordenación do Litoral está redactado e as súas determinacións para a redacción do presente Plan Especial analízanse no seguinte apartado.

> *6.2. As actuacións en solo rústico de protección de costas, incluída a adecuación de espazos para uso e gozo público, procurarán o mantemento da máxima naturalidade e, no seu caso, a restauración da calidade ambiental e a protección do patrimonio cultural costeiro.*

O obxecto do PE establecido no PXOM é entre outros *preservar o medio ambiente litoral costeiro, os espazos naturais e a paisaxe existente na costa de Razo, para a recuperación e protección das áreas degradadas e os areais*, polo que esta determinación das DOT ven establecida tamén dende o PXOM de Carballo. Esta determinación incorpórase no Documento inicial estratéxico.

> ***Determinacións orientativas***
>
> *6.3. Fomentarase a colaboración e a coordinación das diferentes administracións públicas e a participación dos axentes sociais para mellorar a xestión integrada do espazo litoral.*
>
> *6.4. No litoral de Galicia configúranse un conxunto de núcleos, relacionados no Anexo I, que polas súas características constitúen elementos de identidade cultural do espazo costeiro coa denominación de Núcleos de identidade do litoral. Esa relación ten carácter orientativo e poderá ser ampliada e axustada polos correspondentes instrumentos de planeamento territorial sempre que se xustifique axeitadamente.*
>
> *6.5. Os instrumentos de ordenación de territorio e o planeamento urbanístico deberán ordenar estes núcleos en congruencia co papel que estas DOT lles outorgan para articular o sistema litoral e contribuír á funcionalidade, ao mantemento da calidade ambiental e paisaxística e ao desenvolvemento económico e social de Galicia.*
>
> *6.6. O planeamento municipal dos concellos costeiros contemplará a renovación da fachada litoral con criterios de calidade e integración co contorno. Neste contorno evitarase, na medida do posible e con carácter xeral, a localización de usos industriais e infraestruturais xeradores de impacto ou que non teñan a necesidade de localizarse xunto ao mar para garantir a súa viabilidade.*

6.7. O planeamento urbanístico municipal configurará o contorno dos portos pesqueiros tradicionais como áreas de centralidade, identidade cultural e imaxe urbana.

6.8. Nos tramos de praia con acceso de tráfico rodado preveranse reservas de solo para aparcadoiro de vehículos en cantidade suficiente para garantir o estacionamento fóra da zona de servidume de tránsito.

6.9. A localización dos aparcadoiros seleccionarase con criterios paisaxísticos, e en todo caso de tal xeito que se integren na paisaxe.

6.10. Na franxa litoral inmediata ao límite interior da ribeira, cunha anchura mínima de 500 metros, as construcións evitarán a formación de pantallas arquitectónicas ou acumulación de volumes, sen que, a estes efectos, a densidade de edificación poida ser superior á media do solo urbanizable programado ou apto para urbanizar (ou equivalentes) no termo municipal respectivo.

6.11. O acceso ao mar en ámbitos urbanos desenvolverase preferentemente mediante viarios de uso peonil, debendo preverse no planeamento urbanístico, e executarase con criterios de máxima integración ambiental e paisaxística prevendo, no caso das praias, a accesibilidade de persoas discapacitadas.

6.12. As Administracións competentes definirán unha rede de itinerarios costeiros, "Senda dos Faros", co obxectivo de habilitar o tránsito público peonil e, de ser o caso, de bicicletas, que permita percorrer o litoral galego, respectando en todo momento os compoñentes do patrimonio natural e da biodiversidade.

6.13As Administracións promoverán accións para a ampliación do dominio público marítimo terrestre mediante a adquisición de solo lindeiro co fin de recuperar as súas funcións naturais e paisaxísticas.

Coa redacción do Plan Especial fomentarase a colaboración e coordinación das diferentes administracións públicas mellorando en definitiva a xestión integrada do espazo litoral, tal e como pretenden as DOT.

As DOT non inclúen no seu Anexo I ningún núcleo de Identidade Litoral no termo municipal de Carballo (O POL si identifica Razo da Costa como NIL)

As directrices deixan que sexa o planeamento municipal nos concellos costeiros os que contemplen a renovación da fachada litoral con criterios de calidade e integración co entorno cosa que recolle o PXOM de carballo coa delimitación deste plan especial de protección, infraestruturas e dotacións. Seguindo as determinacións das DOT os equipamentos que teñan

un maior impacto, como aparcadoiros, preveranse fora da zona de servidume de tránsito. O acceso ó mar desenvolverase preferentemente mediante viarios de uso peonil que executarase con criterios de máxima integración ambiental e paisaxística , coa debida previsión de acceso para persoas discapacitadas.

6.2. PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL

Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do litoral de Galicia (POL).

O plan especial está enmarcado polo Plan de Ordenación do Litoral dentro da COMARCA: Arco Bergantiñán SECTOR: Seo de Baldaio, identificando a zona como unidade de paisaxe: RAZO:



Delimitación no Pol da unidade de paisaxe de Razo

O POL detense nesta unidade de paisaxe na descrición detallada da totalidade das vertentes que chegan a praia de Razo dende os puntos de vista do relevo, clima, solos, augas,

patrimonio natural, usos, mobilidade e patrimonio histórico. Deste análise despréndese a realidade da converxencia de dúas paisaxes, por un lado a ligada a agricultura e os núcleos tradicionais e por outro lado, a vinculada ao turismo estival e segundas residencias preto da costa.

En canto á valoración da paisaxe cabe mencionar que o POL valórase o dinamismo do areal favorecendo que se confirme como un referente no turismo da zona no que poder gozar do mar e a natureza nun contorno dotado de todas as comodidades e servizos propios do espazo urbano.
Por outra bando o núcleo de Razo da Costa limítrofe co ámbito do Plan Especial é identificado como Núcleo de Identidade Litoral (NIL debido á súa riqueza etnográfica e patrimonial.

No límite occidental do ámbito propón un punto de observación.
Identifícase dentro da unidade de paisaxe un ámbito de recualificación que describe como:
"Agrupación de vivendas unifamiliares de carácter espontáneo no ámbito da praia de Razo. É posible observar un primeiro grupo de edificacións situadas en primeira liña litoral e outra liexeiramente máis atrasada ao longo do eixo vial que comunica os núcleo de Razo e Arnados. Estas edificacións encóntranse ocupando solos vinculados a ecosistemas costeiros, implicando unha alteración das condicións naturais, ambientais e paisaxísticas do ámbito. O obxectivo é, polo tanto, frear estes procesos de ocupación asistemática, racionalizar o uso do solo, realizar operacións de mellora ambiental e paisaxística do espazo público e mellorar a fachada marítima".

O PXOM aprobado definitivamente no ano 2016 incorpora as determinación do POL para esta área de recualificación coa delimitación do Plan Especial de protección, dotacións e infraestruturas que nos ocupa e a delimitación dun estudo de detalle de fachada marítima do fronte litoral de Arnados.

Ademais da identificación e descrición das unidades de paisaxe o POL xurde como un plan territorial integrado que, aínda que non clasifica solo, si establece unha gradación na protección ambiental e paisaxística facendo unha categorización dos usos permitidos e compatibles vinculantes para o planeamento xeral.



Plano de modelo territorial do POL.

O tratamento do ámbito dende o modelo territorial do POL é determinante en canto aos os usos que o plan especial pode prever nas diferentes zonas do P.E.

A zona litoral situada ao norte do ámbito (fóra do PE) que comprende fundamentalmente a praia e os cantís enmarcase na zona de protección INTERMAREAL de máxima sensibilidade e con os usos máis restrinxidos.

A zona leste presenta a práctica totalidade da súa superficie enmarcada na zona de protección COSTEIRA coa presenza de áreas incluídas en zona de PROTECCIÓN DE ESPAZOS NATURAIS e un CORREDOR ECOLÓXICO vinculado aos regos da Barcia ou Oza e Porriños.

A zona oeste, que é a bolsa de terreo máis extensa do ámbito, ten a súa franxa máis ao norte, algo menos dos 100m da servidume de protección como zona de protección COSTEIRA, nestas áreas os usos están moi restrinxidos polo POL.
Segundo nos afastamos da costa cara o sur na bolsa oeste, temos o territorio enmarcado como zona de protección MEDIOAMBIENTAL E PAISAXÍSTICA. Nesta zona os usos previstos como equipamentos, servizos e dotacións para o apoio do uso da praia e do turismo teñen cabida sempre dentro das restricións do propio POL.

Os artigos que regulan os usos permitidos e compatibles na zona de protección costeira e de mellora ambiental e paisaxística que atopamos no ámbito son os artigos 54 a 58 do POL.:

Art. 54.- Protección costeira

Sen prexuízo do debido cumprimento do establecido no Titulo V. Normas Complementarias. Capítulo II. As praias e o seu contorno, sempre e cando non entren en contradición atenderase ao seguinte:

1. Considéranse permitidos os usos relacionados no artigo 46, epígrafe 1B1, 1B2, 1C, 1F, 1H, 1J, 3A, 3B e 3D.

2. Considéranse compatibles os usos relacionados no artigo 46, epígrafes 1A1, 1I, 2E2, 2F, 2G1a, 2I, 2J1, 2J2, 2L1, 2M, 2N, 2Ñ, 2O, 2Q, 2R e 3C.

3. Considéranse incompatibles os usos relacionados no artigo 46, epígrafes 1A2, 1D, 1E, 1G, 2A1, 2A2, 2A3, 2B, 2C, 2D, 2E1, 2G1b, 2G2, 2G3, 2H, 2K, 2L2 e 2P.

Art. 55.- Mellora ambiental e paisaxística

1. Considéranse permitidos os usos relacionados no artigo 46, epígrafe 1B1, 1B2, 1C, 1F, 1H, 2A1, 2A3, 2E2, 2I, 2N, 2Ñ, 2Q, 2R, 3A, 3B e 3D.

2. Considéranse compatibles os usos relacionados no artigo 46, epígrafes 1A1, 1A2, 1D, 1E, 1I, 2A2, 2B, 2C, 2D, 2F, 2G1a, 2G1b, 2G2, 2H, 2I, 2J1, 2J2, 2L1, 2L2, 2M, 2O, 2P e 3C.

3. Considéranse incompatibles os usos relacionados no artigo 46, epígrafes 1G, 2E1, 2G3 e 2K.

Art. 57.- Corredor

1. Considéranse permitidos os usos relacionados no artigo 46, epígrafe 1B1, 1B2, 1C, 1F, 1H, 3A, 3B e 3D.

2. Considéranse compatibles os usos relacionados no artigo 46, epígrafes 1A1, 1A2, 1I, 2A1, 2A3, 2E2, 2F, 2I, 2J1, 2J2, 2L1, 2M, 2N, 2Ñ, 2O, 2Q, 2R e 3C.

3. Considéranse incompatibles os usos relacionados no artigo 46, epígrafes 1D, 1E, 1G, 2A2, 2B, 2C, 2D, 2E1, 2G1a, 2G1b, 2G2, 2G3, 2H, 2K, 2L2 y 2P.

Art. 59.- Rede de Espazos Naturais de Galicia

Nestes espazos os usos serán os regulados mediante os instrumentos de ordenación específica recollidos na súa lexislación sectorial e, na súa ausencia, os expresados no artigo 58 precedente.

E estes fan referencia ó listado de usos posibles do artigo 46 do POL.

Os usos recollidos no documento normativo como permitidos nas diferentes ordenanzas están recollidos como permitidos ou compatibles polo POL.

6.3. PLAN DIRECTOR REDE NATURA 2000

A práctica totalidade da zona este do PE está dentro do ZPVN Costa da Morte, trátase de algo máis de 100.000m² o que supón o 35% da superficie do ámbito.

O Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación (ZEC) os lugares de importancia comunitaria de Galicia (LIC) e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia regula estes ámbitos.

Dos terreos incluídos en Rede Natura 2000 a práctica totalidade atópase en Zona 1- Área de Protección, tan só un estreito tramo paralelo ao vial de Arnados pola praia está en Zona 2- Área de Conservación.

Zonificación do PDRN2000

Dentro do Espazo natural atópanse varios hábitats prioritarios reflectidos no plano **PINFS_04IOT_AFEC-06 Rede Natura 2000. Hábitats prioritarios.**

Existe dentro do ámbito dous humidais protexidos, Tradunas de Baldaio e Rego da Barcia.

No anexo II do Plan Director da Rede Natura 2000 defínense os obxectivos xerais de conservación , establécese unha zonificación para os ámbitos de Rede Natura como

Zona 1- Área de Protección (usos tradicionais compatibles)

Zona 2- Area de Conservación (aproveitamento ordenado dos recursos naturais),

Zona 3- Áreas de Uso Xeral (asentamentos e núcleos rurais).

Dentro do ámbito do PE os terreos en Rede Natura están zonificados como 1 e 2.

No documento normativo recóllese no capítulo 7- Afeccións derivadas da lexislación sectorial que é de aplicación o Plan Director Rede Natura 2000 que establece a normativa para garantir os obxectivos de conservación tendo en conta esta zonificación.

6.4. PLAN DIRECTOR DE ACUICULTURA LITORAL.

O Consello da Xunta de Galicia do 26 de maio de 2011 declarou a acuicultura como de interese público de primeiro orden e posteriormente o 18 de outubro de 2012 foi aprobada a Estratexia Galega da Aciucultura (ESGA) de cara a impulsar e promover o desenvolvemento da acuicultura en Galicia.

O Plan Director de Acuicultura Litoral (PDAL) está en redacción e en tanto non sexa aprobado a *Orde do 15 de marzo de 1012, conxunta das Consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e do Medio Rural e do Mar, sobre réxime da avaliación ambiental dos establecementos de acuicultura na parte litoral da zona terrestre* establece o réxime aplicable para os esteblecementos en virtude da normativa vixente.

En canto aos establecementos existentes cóntase cos seguintes datos referentes ao entorno do ámbito:

<u>- Establecementos de acuiculutra mariña autorizados:</u>

Na zona terrestre, na zona marítimo terrestre e na zona merítima non figuran autorizadas granxas meriña e criadeiros, parques de cultivo ou polígonos de viveiros, respectivamente.

<u>- Establecementos de acuicultura continental</u>

No termo municipal de Carballo existen dúas instalacións de acuicultura continental segundo a Lei 7/1992, do 24 de xullo, de Pesca Fluvial.

As piscifactorías continentais dedícanse ao cultivo de troita arco da vella (*Oncorhynchus mykiss*):

Piscifactoría de Ermeade, de Isidro de la Cal Fresco SL, en Ermeade

Piscifactoria Fariña Andrade, de Hermanos Fariña Andrade SL en a Revolta

Polo tanto non existe ningún establecemento de acuicultura nas proximidades dos ámbito do plan especial.

No visor cartográfico do PDAL obsérvase que o ámbito do concello atópase baixo algún dos niveis de protección dentro do marco de coherencia do Plan:



Niveis de protección do Plan directos de Acuicultura..

O artigo único desta orde regula o réxime aplicable ás instalacións de acuicultura dende o punto de vista da súa avaliación ambiental e paisaxística.

O POL no ámbito do PE conta con terreos dentro da protección costeira, de mellora ambiental e paisaxística, rede de espazos naturais e corredor ecolóxico, sendo un uso compatible en todos os ámbitos as construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura, tanto de apoio á acuicultura e marisqueo tradicional como instalacións en terra. Debéndose aplicar ás regras contidas na Orde do 15 de marzo, conxunta das consellerías de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas e do Medio Rural e di Mar, sobre réxime das avaliación ambiental dos establecementos de acuicultura na parte litoral da zona terrestre.

6.5. PLAN HIDROLÓXICO GALICIA- COSTA

O Plan Hidrolóxico Galicia- Costa do ciclo 2015-2021 foi aprobado por RD 11/2016 do 8 de xaneiro.

O Concello de Carballo encádrase no sistema de explotación nº 10 “Río Anllóns e costa de A Coruña ata límite Arteixo” que comprende a bacía do río Anllóns e a extensión que vai dende a desembocadura deste ata os límites do concello da Laracha co de Arteixo, sendo a superficie total de 663,15Km².

Este sistema de explotación comprende unha poboación de 65.172 habitantes, onde os principais núcleos de poboación son A Laracha e Carballo no interior e Malpica e Corme na costa.



Sistema de explotación nº 10 “Río Anllóns e costa de A Coruña ata límite Arteixo”

Na zona oriental identifícase un Área de Risco Potencial Sensible de Inundación (ARPSI) fluvial, que é analizada no apartado 8.3. referente a protección e lexislación sobre augas.

6.6. DESLINDE PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE

O ámbito do Plan Especial está afectado polo tramo de deslinde, denominado *Final T.M de Laracha hasta las Playas y Marismas de Baldaio- Razo*, aprobado por orde ministerial de 7 de setembro de 2004.

O PXOM de Carballo na delimitación do ámbito inclúe terreos dentro do dominio público, o PE no reaxuste proposto, que se describe e xustifica no apartado de redelimitación da parte xustificativa exclúe os terreos dentro do DPMT.

6.7. ESTRATEX. DE ADAPTACION AO CAMBIO CLIMÁTICO DA COSTA ESPAÑOLA

En decembro do ano 2016 o Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medioambiente elaborou a “Estrategia de adaptación al cambio climático de la Costa española”.

Este documento é tido en conta na elaboración do presente PE, xustificándose a súa adaptación no apartado 9.5. do Estudo Ambiental Estratéxico.

7. PLANEAMENTO XERAL, RÉXIME URBANÍSTICO E ANTECEDENTES

7.1. PLANEAMENTO VIXENTE NO T.M. DE CARBALLO. O PXOM 2016

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Carballo, foi aprobado definitivamente por Orde do 4 de febreiro de 2016 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (DOG nº 39, 26/02/2016 e BOP nº38, 26/02/2016).

O ámbito do Plan especial de protección infraestruturas e dotacións en Razo- Arnados delimítase nos planos B02 e C02 de clasificación do solo e sistemas xerais e na ficha de determinacións do plan xeral que figura no documento de normativa.

A totalidade dos terreos incluídos no ámbito do plan especial están clasificados como SOLO RÚSTICO, establecendo varias categorías en algún dos casos superpostas:

- SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE COSTAS: Os terreos situados a unha distancia inferior a 200m do límite interior da ribeira do mar.

- SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DAS AUGAS: Contan con esta categoría de solo rústico os terreos dentro da zona de policía (100m) dos tres cursos hídricos grafados por Augas de Galicia, Rego de Oza (137) e Rego de Pardiñas (136) e o rego que discorre pola zona occidental do ámbito.

- SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGRÍCOLA:Os terreos dentro do ámbito que están fora das dúas categorías anteriores.

- SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE ESPAZOS NATURAIS: Coincide cos terreos dentro da Rede Natura 2000 e superponse coas categorías anteriores. No caso do ámbito coa protección de costas en un pequeno treito da protección de augas do Rego Pardiñas.

- SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN PAISAXÍSTICA: O PXOM etablece sta categorria para os terreos situados na ladeira occidental do ámbito por debaixo do asentamento de Razo da Costa.



Delimitación do ámbito do PE sobre clasificación do solo do PXOM

O PXOM contén no documento normativo as fichas coas determinacións dos dous Plan Especiais (Tomo VIII.b Fichas coas determinacións dos Plan Especiais) establecidos polo planemaento.

Trátase do PE1- A Pedra do Sal (Plan especial de ordenación do núcleo rural de Pedra do Sal e protección do seu entorno) e o PE 1- Razo- Arnados (Plan especial de protección, infraestruturas e dotacións en Razo Arnados), que nos ocupa.

Recóllese a continuación a ficha do documento normativo cunha parte gráfica de delimitación e unha folla no que identifícase o ámbito, o seu obxecto e determinacións así como unha serie de observacións.

PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL – CONCELLO DE CARBALLO

DENOMINACIÓN	P.E. 2 RAZO - ARNADOS

Plan Especial de protección, infraestructuras e dotacións en Razo-Arnados

TIPO DE PLANEAMIENTO	PLAN DE ESPECIAL PROTECCIÓN
CLASE DE SOLO	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA, DE PROTECCIÓN DE AUGAS, DE PROTECCIÓN DE ESPAZOS NATURAIS, DE PROTECCIÓN PAISAXÍSTICA E DE PROTECCIÓN DE COSTAS.
SUPERFICIE BRUTA	312.811,00 m²

ÁMBITO

Este Plan Especial inclúe, na súa metade oeste, parte dos terreos definidos no POL como área de recualificación dentro da Unidade Paisaxística de "Razo", no entorno dos núcleos de Arnados e Razo da Costa; e na súa metade leste o borde litoral da praia de Razo e do espazo natural da lagoa de Baldaio. Desenvolverá os terreos de solo rústico de protección de costas, de espazos naturais, de augas, paisaxísticos e agropecuarios adxacentes aos núcleos rurais antes mencionados. O ámbito esta atravesado polos cauces dos regos de Porriños, Barcia e Pardiñas.

OBXECTO E DETERMINACIÓNS

Ten por obxecto dar cumprimento aos obxectivos establecidos no POL para este área de recualificación, preservar o medio ambiente do litoral costeiro, os espazos naturais, e a paisaxe existente na costa de Razo, para a recuperación e protección das zonas degradadas e os areais, os accesos aos mesmos e a mellora das dotacións e infraestruturas. O Plan Especial deberá prever as redes de servizos suficientes segundo o artigo 72.2 da LOUG.

O obxecto desta delimitación e ordenar de forma integral as áreas susceptibles de acoller dotacións na costa, cos usos propios de espazos libres, actividades deportivas, accesos ás praias, aparcodoiros, etc, dentro dun ámbito sensible a nivel medioambiental e paisaxístico. Inclúese a necesidade de realizar un estudo da demanda de aparcamento dos areais, co obxectivo de que as dotacións propostas teñan en conta esta previsión.
As dotacións se localizarán na banda delimitada polas liñas de 100 a 200 metros desde o litoral, deixando a banda de 100 metros ata o deslinde público marítimo-terrestre vacante de edificacións de carácter permanente.
Conxuntamente co Estudo de Detalle da fachada litoral de Arnados, eliminarase o tráfico rodado do vial paralelo ao borde do areal, deixando únicamente o acceso restrinxido no borde costeiro, solucionando as circulacións peonís e rodadas.

O Plan tamén indicará as accións de recuperación medioambiental e paisaxística necesarias para as áreas degradadas. O equipamento deportivo existente, deberá reubicarse fora do dominio público marítimo-terrestre e da servidume de protección. O PE estudará o espazo público que conforma a fachada marítima do núcleo de Arnados.

Parte do ámbito do plan inclúese no área de recualificación "Playa de Razo". O Plan indicará as accións cara a dar cumprimento aos criterios e directrices establecidas no POL para estas zonas.

OBSERVACIÓNS

Este plan especial desenvolveráse mediante convenio entre as administracións competentes na materia, e definirá a xestión económica do ámbito. No ámbito deste Plan Especial non se poderán outorgar licencias ata o seu desenvolvemento.
As ferramentas de desenvolvemento urbanístico do ámbito deberán incorporar os criterios e normas establecidas no POL, entre os que figura a necesidade de incorporar un Estudo de Impacto e Integración Paisaxística; e contar co informe favorable das Administracións competentes en materias de medio ambiente, conservación da natureza e costas. O plan deberá considerar, no ámbito incluído dentro da ZEC "Costa da Morte" e da ZEPA "Costa da Morte Norte" as determinacións do Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia; e no ámbito sito fora destes espazos protexidos, o establecido no punto 3 do artigo 45 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

APROBADO PROVISIONALMENTE POLO PLENO
En sesión de data, 18 NOV 2015
O SECRETARIO

FICHAS DE DESENVOLVEMENTO



PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS EN RAZO- ARNADOS (PE-2) **CONCELLO DE CARBALLO**

EQUIPO REDACTOR:
DIRECTORA: IRIA PÉREZ MIRANDA **AD**
EQUIPO: MIGUEL A. ABAD BLANCO - ANTONIO DEUS- ÁLVAREZ - IGNACIO LÁZARO QUINTELA MARZO 2023

O obxecto e determinacións do plan especial están claramente recollidos nesta ficha:

*- Dar **cumprimento aos obxectivos establecidos no POL**[1] para esta área de recualificación , preservar o medio ambiente litoral costeiro, os espazos naturais, e a paisaxe existente na costa de Razo, para a recuperación e protección das áreas degradadas e os areais, oa accesos aos mesmos e a mellora das dotacións e infraestruturas. O plan especial deberá prever as redes de servizos suficientes.*

- Ordear de forma integral as áreas susceptibles de acoller dotacións na costa, cos usos propios de espazos libres, actividades deportivas, accesos á praia, aparcadoiros, etc., dentro dun ámbito sensible a nivel ambiental e paisaxístico. Inclúese a necesidade de realizar un estudo da demanda de aparcadoiro dos areais, co obxectivo de que as dotacións propostas teñan en conta esta previsión.

*- As **dotacións** localizaranse na banda delimitada entre as liñas de 100 e 200 metros dende a ribeira do mar, deixando a banda de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre vacante de edificacións de carácter permanente.*

*- Conxuntamente co estudo de detalle da fachada litoral de Arnados, **eliminarase o tráfico rodado do viario paralelo ao borde do areal**, deixando unicamente o acceso restrinxido no borde costeiro, solucionando as circulacións peonís e rodadas.*

*- Indicaranse as **accións de recuperación ambiental e paisaxística** necesarias para as áreas degradadas. **O equipamento deportivo existente, deberase recolocar fora do DPMT** e da servidume de protección.*

*- Estudarase o **espazo público** que conforma a fachada marítima do núcleo de Arnados.*

*- Indicaranse as accións para dar cumprimento aos **criterios e directrices establecidos no POL**.*

En canto ao tratamento no PXOM dos terreos limítrofes co ámbito do P.E. destacamos os seguintes aspectos:

[1] O obxectivo recollido na ficha da unidade de paisaxe para esta área de recualificación é "*…frear estes procesos de ocupación asistemática, racionalizar o uso do solo, realizar operacións de mellora ambiental e paisaxística d o espazo público e mellorar a fachada marítima"*

- Na maior parte do ámbito o límite norte coincide co DPMT e ribeira de mar, polo que son terreos dentro do dominio público que non están clasificados no planeamento xeral. Neste caso atópase o campo de fútbol de Razo que está en réxime de concesión. A zona axardinada diante da gran bolsa de aparcadoiro se atopa entre o DPMT e a ribeira do mar e está clasificada como solo rústico nas categorías de protección de costas e protección de espazos naturais.
- Os terreos situados ao noroeste son terreos clasificados como solo rústico nas categorías de protección de costas, protección de espazos naturais e protección paisaxística.
- Ao leste atópase o núcleo rural de Razo da Costa identificado como núcleo rural histórico tradicional.
- Ao sur- oeste do ámbito os terreos están clasificados como núcleo rural, unha parte correspóndese co núcleo de Razo da Costa e parte co núcleo rural de Arnados.
- Entre os terreos situados ao este y oeste do plan especial atópase parte do núcleo rural de Arnados identificado neste zona como núcleo rural común. A zona situada máis ao norte do núcleo rural e colindante co plan especial o PXOM delimita un área no que establece a necesidade de redacción dun Estudio de Detalle de fronte de fachada marítima, que se está a redactar en paralelo ao presente plan especial. En segunda liña o PXOM delimita un ámbito pendente de Plan Especial de mellora de núcleo rural.
- Ao sur da zona este do plan especial a maioría dos terreos clasifícanse como solo de núcleo rural, correspondéndose con parte do núcleo común de Arnados. A ambos lados do rego de Pardiñas os terreos están clasificados como solo rústico de protección das augas.
- O borde este é colindate con terreos clasificados como rústicos coa categoría de protección de costas e protección de espazos naturais.

O PXOM neste ámbito establece a necesidade de melloras viarias coa previsión dentro do plan especial de mellora de núcleo dun vial que enlace directamente a estrada provincial e a vía que une Razo da Costa e Arnados. O encontro desta vía prevese nunha nova rotonda á que acometerá ademais a vía Razo da Costa- Arnados e o viario considerado polo PXOM como estruturante que pasa polo Colexio Nétoma- Razo.
A esta rotonda poderán acometer os trazados viarios que o plan especial prevexa no ámbito.

7.2. RÉXIME URBANÍSTICO DE APLICACIÓN

O PXOM de Carballo está adaptado á Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural galego (LOUG).

A vixente Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia establece na súa Disposición Transitorio primeira de Réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento.
Para os planeamentos adaptados á LOUG, con respecto do solo rústico establece no punto 1.d) Ao solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.

Polo tanto o réxime de aplicación é o establecido na vixente LSG tendo en conta as categorías do PXOM recollidas no punto precedente.

7.3. ANTECEDENTES URBANÍSTICOS.

Con anterioridade ao vixente PXOM aprobado no ano 2016, o concello de Carballo xa contou con varios instrumentos de ordenación territorial. No ano 2003 aprobouse un PXOM, que estivo en vigor ata o ano 2011 que foi anulado por sentenza do Tribunal Supremo, intre no que se volta á ordenación prevista nas Normas Subsidiarias Municipais do ano 1984.
Con respecto do ámbito que nos ocupa imos analizar como foi tratado a grandes rasgos nestes dous documentos:

PXOM 2003.
O núcleo de Arnados clasificábase como solo urbano, contando cunha delimitación algo máis restritiva que a actual, o asentamento de Razo da Costa clasificábase como núcleo rural.
A franxa costeira da praia clasificábase como solo rústico de especial protección do litoral, recollendo a banda posterior e o resto da costa como solo rústico de protección cuxa ordenación estaba remitida a un plan especial: P.E. entorno lagoa Baldaio. Os terreos máis interiores clasificábanse como solo rústico apto para urbanizar e unha pequena zona a carón de Razo da Costa como de protección ordinaria.

NSM.
Na praia identificábase o asentamento de Arnados como Núcleo residencial de Razo, estando o núcleo de Razo da Costa clasificado como núcleo rural. A franxa costeira (incluíndo a maior parte da zona leste do actual ámbito do PE 2) estaba clasificada como solo rústico de protección especial do Paraxe natural Baldaio- Razo, Contando con unha ampla banda de terreo na zona posterior clasificada como solo apto para urbanizar de baixa densidade.

Ó longo destes anos iniciaronse traballos para o desenvolvemento deste ámbito:

- Concurso de ideas para o desenvolvemento do Plan especial da zona Costeira de Razo. Proposta por “Anagrama”, con data febreiro de 1985.
- Avance do Plan Especial da Zona Costeira de Razo – Baldaio.
- Plan Especial da Zona Costeira Razo- Baldaio. Información, Memoria de planeamento, ordenación, estudo económico financeiro e estudo de saneamento integral. Proposta de convenio en Arnado- Razo e acordo plenario correspondente.

Durante a redacción do vixente PXOM os propietarios do ámbito trataron de realizar un convenio para a clasificación de parte dos terreos do ámbito como solo urbanizable a cambio de ceder como sistema xeral a zona situada a menos de 200m da ribeira do mar. Este plantexamento finalmente non se levou ao planeamento xeral.

A clasificación de parte deste terreos como solo apto para urbanizar ao longo dos anos, acompañado dos diversos intentos para o seu desenvolvemento ten creadas importantes expectativas edificatorias nos propietarios.

Por este motivo ten tanta importancia a información e participación pública para explicar aos propietarios e veciños os obxectivos do plan especial: cumprimento do POL, ordenar a implantación de dotacións, instalacións e infraestruturas e a recuperación ambiental.

8. AFECCIÓNS NORMATIVA SECTORIAL

Será de aplicación de forma xeral o contido no Texto refundido da Lei do Solo e rehabilitación urbana, aprobado por Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro.
Tamén a nivel autonómico se terá en conta a vixente Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG 2/2016.

8.1. PROTECCIÓN E LEXISLACIÓN EN MATERIA DE MEDIOAMBIENTE.

No apartado precedente de identificación e xustificación do obxecto a protexer, así como no referente ao Plan Director da Rede Natura 2000 describíronse os valores ambientais e estableceuse o marco lexislativo de aplicación nestes ámbitos.

8.2. PROTECCIÓN E LEXISLACIÓN SOBRE AUGAS

Tal como se ten descrito no apartado referente ao Plan Hidrolóxico Galicia- Coata, o PE atópase no sistema de explotación “Rio Anllóns e costa de A Coruña ata o límite con Arteixo”.

No ámbito atopamos tres cursos de augas que desembocan na Praia de Razo, dous regos que discorren pola zona leste denominados Rego Pardinas e Rego de Oza (no que desemboca o rego da Barcia) codificados como 136 e 137 por Augas de Galicia.
Un terceiro curso de auga existe na zona oeste, que desemboca na praia, tendo o seu trazado entubado baixo o movemento de terras efectuado que non conta con codificación pero si aparece na cartografía de Augas de Galicia.

A desembocadura do Rego de Oza, dentro do ámbito, atópase nun área de Risco Potencial Significativo (ARPSI). No plano **PINFS_04IOT_AFEC-05 Rede hídrica. Areas con Potencial Risco Sensible de Inundación** están reflectidas a zona de fluxo preferente e a lámina de inundación de 100 e 500 anos deste Rego.
Ademais da zona de policía que grafa Augas de Galicia para esta ARPSI teranse en conta as grafadas na cartografía do PXOM.
Con respecto dos usos permitidos na ARPSI o Regulamento do dominio público hidráulico (RDPH) nos artigos 9 bis, 9 ter, 9 quáter e 14 bis regula as limitacións de uso nas zonas de fluxo preferente e zonas inundables.

De xeito xenérico nas zonas de fluxo preferente en solo rústico tan so se permitirán infraestruturas de saneamento, abastecemento e outras canalizacións que non sexan paralelas ao cauce (agás non exista outra alternativa).
Nas zonas inundables permítense máis usos con condicionantes de seguridade debendo evitarse as grandes dotacións e superficies comerciais con aglomeracións, os campings a as depuradoras de augas residuais.

O réxime de aplicación este e os outros dous regos que non se delimita área de risco de inundación é o establecido no Texto Refundido da Ley de Aguas aprobado polo RDL 1/2001, de 20 xullo, na de Lei 9/2010, de de 4 de novembro, de augas de Galicia e o Decreto 1/2015, de 15 de xaneiro, polo que e aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións en desenvolvemento da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia así como o Plan Hidrolóxico Galicia Costa.
Tras a aprobación inicial do PE solicitarase informe a Augas de Galicia, ademias o organo ambiental pode someter a consultas deste organismo o presente borrador a fin de tratar os aspectos nos que o P.E. incide na rede hídrica existente no ámbito.

No apartado referente o abastecemento de auga no ámbito recóllese á referencia á concesión de augas outorgada pola Dirección de Augas de Galicia ao Concello de Carballo que é a que subministra auga a zona de Razo.

No trámite de información pública recabouse o perceptivo informe sectorial en materia de Augas, Augas de Galicia emite informe favorable ao plan cunha serie de consideración que son incorporadas a este documento, tal e como se explica no apartado 10.1.3 da memoria xustificativa.

recabáronse os preceptivos informes sectoriais en materia de Costas que foron solicitados á D. X de ordenación do territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia en materia de costas e á *Dirección General de la costa y del mar* do *Ministerio para la transición ecológica y el reto demográfico.*

8.3. PROTECCIÓN E LEXISLACIÓN SOBRE COSTAS.

O Plan Especial redáctase sobre os terreos situados en primeira liña da praia de Razo.

A delimitación recollida no PXOM de Carballo inclúe terreos dentro do Dominio Público Martítimo- Terrestre. O reaxuste proposto no presente PE exclúense estes terreos, pasando a ser o DPMT o límite norte do ámbito.
Parte dos terreos dentro da delimitación do ámbito do PE están afectados pola servidume de protección de costas (20m/100m), estando a totalidade do ámbito na zona de influencia (500m). Reflectidas nos planos de información e ordenación.

O tramo de deslinde que afecta ao ambito é o denominado *Final T.M de Laracha hasta las Playas y Marismas de Baldaio- Razo*, aprobado por orde ministerial de 7 de setembro de 2004.

O artigo 25 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, e 46 do seu regulamento con todas as súas modificacións establece as prohibicións na zona de servidume de protección:

> *a) Las edificaciones destinadas a residencia o habitación, incluyendo las hoteleras, cualquiera que sea su régimen de explotación. Se excluirán de esta prohibición las acampadas y los campamentos o campings debidamente autorizados con instalaciones desmontables.*
> *Se entenderá por acampada la instalación de tiendas de campaña o de vehículos o remolques habitables. Se entenderá por campamento o camping la acampada organizada dotada de los servicios y suministros establecidos por la normativa vigente.*
> *b) La construcción o modificación de vías de transporte interurbanas cuyo trazado discurra longitudinalmente a lo largo de la zona de servidumbre de protección, quedando exceptuadas de dicha prohibición aquellas otras en las que su incidencia sea transversal, accidental o puntual y las de intensidad de tráfico superior a 500 vehículos/día de media anual en el caso de carreteras así como de sus áreas de servicio.*
> *c) Las actividades que impliquen la destrucción de yacimientos de áridos naturales o no consolidados, entendiéndose por tales los lugares donde existen acumulaciones de materiales detríticos tipo arenas o gravas.*
> *No se entenderá incluido en la prohibición de destrucción de yacimientos de áridos, el aprovechamiento de los mismos para su aportación a las playas.*
> *d) El tendido aéreo de líneas eléctricas de alta tensión.*
> *e) El vertido de residuos sólidos, escombros y aguas residuales sin depuración.*
> *f) La publicidad a través de carteles o vallas o por medios acústicos o audiovisuales.*

Os artigos 27 e 28 establecen as condicións de servidume de tránsito, considerando de aplicación á presente ordenación os seguintes apartados:

> *1. La servidumbre de tránsito recaerá sobre una franja de 6 metros, medidos tierra adentro a partir del límite interior de la ribera del mar. Esta zona deberá dejarse permanentemente expedita para el paso público peatonal y para los vehículos de vigilancia y salvamento, salvo en espacios especialmente protegidos.*
>
> *….*
>
> *3. Esta zona podrá ser ocupada excepcionalmente por obras a realizar en el dominio público marítimo-terrestre. En tal caso se sustituirá la zona de servidumbre por otra nueva en condiciones análogas, en la forma en que se señale por la Administración del Estado. También podrá ser ocupada para la ejecución de paseos marítimos*
>
> *…..*
>
> *2. Para asegurar el uso público del dominio público marítimo-terrestre, los planes y normas de ordenación territorial y urbanística del litoral establecerán, salvo en espacios calificados como de especial protección, la previsión de suficientes accesos al mar y aparcamientos, fuera del dominio público marítimo-terrestre. A estos efectos, en las zonas urbanas y urbanizables, los de tráfico rodado deberán estar separados entre sí, como máximo, 500 metros, y los peatonales, 200 metros. Todos los accesos deberán estar señalizados y abiertos al uso público a su terminación.*

Tras o reaxuste do ámbito proposto no PE non atopamos dentro do ámbito terreos dentro do DPMT.

No apartado 13.2. da parte xustificativa recóllese o cumprimento da normativa sectorial en materia de costas.

Previo á aprobación inicial recabáronse os preceptivos informes sectoriais en materia de Costas que foron solicitados á D. X de ordenación do territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia en materia de costas e á *Dirección General de la costa y del mar* do *Ministerio para la transición ecológica y el reto demográfico.*

A incorporación das determinacións recollidas en ambos informes no presente documento xustifícase no apartado10.1.3 da parte xustificativa.

Previo á aprobación definitiva do PE o documento foi remitido a estes organismos para a consecución de informe previo á aprobación definitiva, xustificando no apartado 12 da memoria xustificativa a incorporación a este documento.

8.4. PROTECCIÓN E LEXISLACIÓN SOBRE PATRIMONIO CULTURAL.

O PXOM de Carballo aprobado definitivamente por Orde do 4 de febreiro de 2016 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (DOG nº 39, 26/02/2016 e BOP nº38, 26/02/2016) non identifica no ámbito ningún elemento de patrimonio cultural.

O documento identificado como 05. CAT do presente documento recolle a Prospección do ámbito realizada co obxecto de identificar a existencia de bens con valores merecedores de protección e incorporalos no seu caso ao Catálogo do PE. (determinación 9.3. das DOT).

O resultado da prospección é que non se atopou ningún elemento que se puidera considerar merecedor de protección polo que non é precisa a redacción dun Catálogo específico de bens a protexer para o Plan Especial.

En resposta á consulta realizada no proceso de exposición do DAE e Borrador a D. X. de Patrimonio Cultural emite informe de data 1 de marzo de 2018 no que conclúe:

> *O promotor deberá ter en consideración as anteriores observacións e suxestións no Plan Especial de protección, infraestruturas e dotacións en Razo Arnados.*
> *Unha vez aprobado inicialmente o PEPID, deberase solicitar o informe vinculante desta Consellería previsto no artigo 34 da LPCG, para o que deberá achegar o informe debidamente dilixenciado.*

No trámite de información pública recabouse o perceptivo informe sectorial en materia de Patrimonio cultural, que emite informe favorable.

8.5. PROTECCIÓN E LEXISLACIÓN SOBRE PAISAXE.

A Comunidade Autónoma de Galicia conta coa súa propia lexislación de protección da paisaxe trátase da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e Decreto 96/2020, de 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008 de Protección da paisaxe de Galicia

Analízanse ademais outras normativas sectoriais en materia de paisaxe como o Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia concluíndo que no ámbito do PE non existe ningunha paisaxe declarada protexida.
Por outra banda o Plan de Ordenación do Litoral encadra o ámbito na unidade paisaxística de Razo (B3 Frontes acantilados de teito plano) no sector paisaxístico do Seo de Baldaio da comarca paisaxística Arco Bergantiñan.

O PXOM de Carballo categoriza a ladeira occidental do ámbito como de protección paisaxística, sen orixe la lexislación sectorial de referencia. Neste caso de clasificación do solo é de aplicación o disposto na disposición transitoria primeira da LSG que no seu apartado 1.d) establece para planeamentos adaptados á LOUG que ao solo rústico aplicaráselle o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo en todo caso a vixencia das categorías contidas no planeamento respectivo. Polo tanto o réxime de aplicación en tanto nesta ladeira como no resto do ámbito é o recollido na sección cuarta do capítullo III do título I da LSG referente ao réxime urbanístico do solo.

No referente á paisaxe deberemos ter en conta a seguinte regulación:

- Lei 8/2013, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia
- Decreto 96/2020, de 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da paisaxe de Galicia
- Decreto 119/2016, d8 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia.
-

O PXOM de Carballo categoriza a ladeira occidental do ámbito como de protección paisaxística.
En resposta á consulta realizada no proceso de exposición do DAE e Borrador o Instituto de Estudos do Territorio emite informe de data 19/04/2018 no que conclúe:

> *Polo que atinxe ás competencias deste departamento en materia de paisaxe, considérase que o plan especial de protección, infraestruturas e dotacións en Razo- Arnados pode supoñer unha mellora paisaxística significativa e recoméndase completar as medidas de integración paisaxística coas consideracións expresadas anteriormente.*

O Documento de Alcance nas consideracións para a integración dos aspectos ambientais e a sustentabilidade no plan, na variable de Paisaxe prevé a elaboración dun Estudo de Impacto e Integración Paisaxística.

Este documento, adaptado ó Regulamento da Lei 7/2008 incorporase como Anexo 5 á presente memoria xustificativa.

No trámite de información pública recabouse o perceptivo informe sectorial en materia de Paisaxe, o IET emite informe indicando que non se formula ningunha obxección á aprobación do PEP PEID.

8.6.OUTROS

Atendendo ás consultas realizadas durante a exposición pública do DAE e Borrador do Plan, contamos cos seguintes informes sectoriais:

FORESTAL:

A D. X. de Ordenación Forestal emite o seguinte informe:

> *Conforme o establecido no artigo 59.3 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia na zona efectada polo incendio forestal 2014150039 non se poderá producir un cambio de uso forestal durante un prazo de 30 anos, máis tendo en conta que no borrador da proposta de ordenación a dita zona atópase dentro da área de "solo rústico", a dita limitación non afecta ao desenvolvemento do Plan Especial.*
>
> *Os terreos incluídos no ámbito do Plan Especial non cumpren cos requisitos de aplicación do artigo 23 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, xa que teñen continuidade coa trama urbana.*
>
> *En base ao anteriormente exposto informase favorablemente o dito Plan Especial no ámbito das competencias desta Subdirección Xeral.*

PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA.

A D. X. de pesca, acuicultura e innovación tecnolóxica emite informe no que respecto das actuación s revistas achega:

> *Respecto das actuacións previstas encamiñadas a dar cumprimento aos obxectivos do POL e a mellora ambiental e paisaxística do ámbito non se prevé que afecten ao desenvolvemento actual da acuicultura o ámbito do concello pero o plan especial terá en conta a súa relación co PDAL (plan director da acuicultura litoral.*



Visor Marco- coherencia territorial.

No apartado 7 da memoria xustificativa indícanse as determinacións dos informes resultado das consultas e cómo se integran no presente documento.

No apartado 10 da parte xustificativa da memoria relaciónanse os informes sectoriais recabados no trámite de información pública e o seu contido.

8.7.ACCESIBILIDADE

No referente á accesibilidade é de aplicación a Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade, así como o decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, así como a Orde VIV /561/2010, de 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados.

Xustificase no apartado 12.4 da parte xustificativa o cumprimento daquelas determinacións referentes á planificación, deixando remitido o cumprimento dos aspectos construtivos ao proxecto de execución.

9. PROXECTOS MUNICIPAIS E SUPRAMINICIPAIS CON INCIDENCIA NO ÁMBITO

9.1.SENDEIRO CICLO-TURÍSTICO CARBALLO- RAZO

O Concello de Carballo encargou un Proxecto para a realización dun sendeiro ciclo- turístico entre as poboacións de Carballo e Razo.

Este sendeiro discorrerá dende a Vila de Carballo por viais existentes percorrendo no ultimo tramo camiños rurais evitando o trazado da estrada da Diputación.

Sendeiro cicloturista sobre ortofoto.

A mellora dos transportes alternativos é unha das propostas que deben acompañar ao plan especial.

Tal e como se indica no estudo de mobilidade esta senda ciclo turística, debido á orografía, deberá ser implementada pola mellora do transporte colectivo, que posibilite a volta do ciclista cara a Vila sen remontar o forte desnivel existente entre Razo e Carballo.

9.2.PROXECTO DE PROTECCIÓN AMBIENTAL DO BORDE LITORAL NA PRAIA DE RAZO. COSTAS

O Ministerio para a Transición Ecolóxica. Dirección Xeral de Sostenibilidade da Costa e do Mar. Demarcación de Costas de Galicia está a tramitar a Evaluación de Impacto Ambiental Simplificada para o que ten redactado o DOCUMENTO AMBIENTAL do Proxecto construtivo "PROTECCIÓN AMBIENTAL DO BORDE LITORAL NA PRAIA DE RAZO" Termo Municipal de Carballo.

O obxecto do citado proxecto descríbese no mesmo como:

> El objeto del proyecto es frenar los efectos erosivos del borde litoral de la playa de Razo, mejorando el diseño de las actuales estructuras de defensa de la costa, mediante la reparación de los actuales sistemas de protección e implementando nuevas estructuras, con una doble finalidad total:
>
> - Asegurar la sostenibilidad de la playa de Razo, en previsión de futuros efectos erosivos provocados por nuevos temporales y por el agua de escorrentía procedente del vial de coronación del talud, (el cual carece del conjunto de dispositivos hidráulicos que recogen, canalizan y evacuan el agua de escorrentía a cauces naturales, o bien a puntos localizados para evitar la formación de cárcavas sobre el talud como por el proceso regresivo natural en sí)
> - Preservar o, en su caso, mejorar la calidad del entorno ecológico de la zona.

Obxecto descrito no Documento Ambiental "PROTECIÓN AMBIENTAL DO BORDE LITORAL NA PRAIA DE RAZO"

O proxecto divide o fronte litoral da praia de Razo en catro zonas, definindo medidas distintas en cada unha delas.

Achégase a continuación a denominada Alternativa 2 no que se indican as seccións tipo para cada unha destas zonas:



Alternativa 2 no Documento Ambiental "PROTECIÓN AMBIENTAL DO BORDE LITORAL NA PRAIA DE RAZO"

Estase a redactar o proxecto construtivo que desenvolve construtivamente esta alternativa:

Proxecto construtivo do "PROTECIÓN AMBIENTAL DO BORDE LITORAL NA PRAIA DE RAZO"

Este proxecto é tido en conta no actual documento para aprobación inicial, en especial o referente á parte máis occidental da zona 2 na que modifícase o acceso a unha parcela e sepárase o tráfico rodado e peonil a días alturas.

Considérase que este proxecto xa está a conter o estudo máis pormenorizado da evolución do proceso erosivo dos cantís e dos posibles riscos de desprendemento, asumindo no presente documento as solucións aportadas. En canto aos accesos á praia o Plan Especial non modifica a súa situación ao atoparse a maior parte deles fora do seu ámbito de actuación. Se ben danse

unha serie de pautas para asegurar que o acceso á praia se realice sempre dende os lugares habilitados para elo, sen afectar aos taludes e zonas protexidas.

9.3.ESTUDIO DE DETALLE

Como mellora ao contrato de redacción do Plan Especial de protección, infraestruturas e dotacións en Razo- Arnados o equipo redactor ofertou a redacción do Estudo de detalle da fachada costeira de Razo previsto no PXOM de Carballo que é colindante co ámbito do Plan Especial.

O obxectivo recollido na memoria do estudio de detalle é:

> *"O obxecto final do presente Estudo de Detalle é o axuste das aliñacións dando unha solución integral baseada no estudo da realidade a unha escala pormenorizada e a regulación de criterios compositivos e estéticos (non regulados polo planeamento xeral) para a recuperación paisaxística do fronte litoral de Arnados.*
>
> *As medidas referentes á eliminación do tráfico rodado e pautas de urbanización estableceranse conxuntamente no Plan Especial de protección, infraestruturas de dotacións de Razo que se está a redactar."*

Este documento foi redactado e tramitado, contando con aprobación definitiva por parte do Pleno de Carballo de data 02/03/2020 e publicado no DOG nº 111 de 09/06/2020 e no BOP nº117 de 28/07/2020.

Firman o presente en marzo de 2023

Directora do Plan:

Iria Pérez Miranda (arquitecta colexiada 3194 do COAG)

Equipo redactor:

Miguel Angel Abad Blanco (arquitecto colexiado 1877 do COAG)

Antonio Deus Alvarez (arquitecto colexiado 1875 do COAG)

Ignacio Lázaro Quintela (arquitecto colexiado 3877 COAG)